

friol

O Concello renovará o alumeado no campo de fútbol da Reigosa. **Pax. 7**

as pontes

Valentín González Formoso foi reelegido por terceira vez presidente da Deputación. **Pax. 9**

guitiriz

A biblioteca da Casa Habanera recibe o primeiro premio María Moliner. **Pax. 13**

reportaxe

As marabillas que agocha a provincia, cunha gran variedade de paisaxes naturais. **Pax. 26-27**

deportes

O Vilalbés arranca a primeira tempada da súa historia en Segunda Federación. **Pax. 28**

Chegan os primeiros cambios a Vilalba



festas. Estarán a cargo de Vilalba Aberta, que xa ten o programa deste ano.

pravia. As obras na vía ofrecen os primeiros resultados cunha nova rotonda

deportes. Elba Veileiro xestionará o departamento de deportes

Rábade, Meira, Pol e Vilalba estarán de festa

A vila polense celebra o Emigrante e as outras tres as patronais. **Pax. 2, 6, 10 e 15**

A proposta festivaleira estival do 2023

O que queda de verán concentra numerosas citas musicais na provincia. **Pax. 18**

Entrevista



Moisés Carballeira, novo presidente da Asociación Sete Pontes. **Pax. 5**

Romería Labrega



Os Vilares acolle nunha nova edición os días 12 e 13. **Pax. 12**

Centenarias en Pol



O alcalde felicita ás catro mulleres de máis de cen anos do concello. **Pax. 20**

Ferramentas tecnolóxicas gratuítas

A Deputación proporcionará a 52 concellos medios para a súa modernización. **Pax. 24**

¡Rebaixas!

Mesma calidade con prezos especiais.

NOVALUX
óptica & centro auditivo

Rúa Plácido Peña, 9, Bajo Vilalba
982 51 01 00

Av. Galicia, 91, As Pontes
981 451 504



Aumentan as sancións para os que non limpen os solares

O Concello de Vilalba presentou a modificación do réxime sancionador para os propietarios de solares, parcelas e leiras que non procedan a súa limpeza. O Concello lembra a importancia de manter limpas as parcelas por motivos de seguridade e salubridade, moito máis nas épocas do ano de alto risco de incendio, e espera non ter que aplicar as sancións. Con esta modificación, establecerase unha sanción de 200 euros co primeiro requerimento ao propietario, 400 euros co segundo e 800 euros co terceiro. Ademais, o Concello aplicará multas coercitivas de 25 euros diarios por día de incumprimento, dende a data da comprobación da non limpeza do solar.

O Concello lembra que é obriga dos propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións, entre outras, conservalos nas condicións legais para servir de soporte a ditos usos e, en todo caso en condicións de seguridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixible.

No mesmo sentido, na limpeza de solares os propietarios das leiras, vivendas e establecementos, están obrigados a manter en constante estado de limpeza as diferentes partes dos inmobles que sexan visibles dende a vía pública, de tal xeito que se consiga unha uniformidade na súa estética, acorde co seu contorno. Por todo isto, o Concello insta aos propietarios de solares e parcelas a que realicen a súa limpeza e mantemento en condicións de seguridade, salubridade e ornato público.

O Concello de Vilalba lembra que dispoñen ata finais de agosto, para proceder á súa limpeza.

Vilalba prepara a súa semana grande

Vilalba xa ten o programa completo das patronais de San Ramón e Santa María 2023. Os festexos, que se celebrarán do 23 de agosto ao 3 de setembro, inclúen actividades para todas as idades e gustos, con variedade nas propostas musicais, así como no tipo de eventos organizados polo Concello.

As actividades deportivas terán un papel central. Así, e a modo de antesala das festas, celebraranse dous torneos deportivos que chegan xa á súa quinta edición. Falamos do V Torneo de Padel de San Ramón (dos días 14 ao 19) e da V Carreira Nocturna San Ramón (día 19), organizada esta última polo Club de Atletismo Vilalba.

O 22 de agosto será a quenda do tradicional Torneo San Ramón de Tenis (organizado polo Club de Tenis Vilalba) que chega xa á súa XXX Edición. O 23 terá lugar a Xira dos Maiores. Nela actuarán a Coral Luar, a Charanga de Vilalba e o Dúo Estrellas, sendo o 25, 26 e 27 a quenda da tradicional Xira Campestre.

A agardada celebración dará comezo o venres coa sesión nocturna dos DJs Da Chaira e dela tomarán parte os artistas Brais Tradd; Cris Vázquez; David García; Decruix; Diego Amigo e Peabody.

O sábado amenizarán a xornada as orquestras Alma Latina e o Grupo Musical Lecer e terá lugar tamén o Trofeo President, organizado polo Racing Clube Vilalbés.

A Xira rematará o domingo cunha sesión vermú longa amenizada pola orquestra Alabama.

NENOS. Rematada a Xira, o protagonismo será para os máis pequenos coa celebración do Día Infantil (28) e



o Día da Bicicleta (29).

A proposta Biblioteca na Rúa (11.00h na Praza da Constitución) inaugurarán un Día Infantil que se completará coa iniciativa Xogos en Familia; a Festa Infantil (das 17.00 ás 20.00h); as XXIX Simultáneas de Xadrez (18.00h) e o espectáculo *Circando* ás 17.30h, tamén na Praza da Constitución.

As actividades do Día da Bicicleta darán inicio ás 19.00 horas do día 29 na Praza da Constitución e terán como colofón final o espectáculo The Soulers organizado na Praza de Santa María ás 20.00h.

PREGÓN. O inicio oficial das festas marcará a lectura do tradicional Pregón, este ano a cargo da xornalista vilalbesa Marta Gesto Lagüela, e a celebración do Certame Literario de Vilalba.

A pregoeira naceu e medrou en Vilalba (na avenida Terra Chá) ata que con 18 anos marchou camiño a Salamanca co fin de estudar Xornalismo. E de aí a Madrid, onde leva xa dúas décadas traballando en diferentes medios de comunicación.

Pasou polas redaccións de Europa Press, La Sexta, Vocento e agora é a Directora Xeral de InfoLibre, onde "fai patria" a diario con outro vi-

lalbés, o tamén xornalista Daniel Basteiro. É profesora no Máster de Branded Content da Madrid Content School e participa en diferentes actos formativos da Universidade.

DÍA GRANDE. O día grande de San Ramón dará comezo co pasarrúas a cargo das agrupacións locais Entre Lusco e A.C Andrade e continuará coas Finais do Torneo San Ramón de Tenis.

A sesión vermú correrá a cargo da orquestra Los Españoles e a esta seguiralle o concerto da Banda de Música de Vilalba e a gran verbena a cargo de Los Españoles e a orquestra París de Noia.

O 1 de setembro, Día de Santa María, abrirase co pasacalles das agrupacións locais Buxos Verdes e Banda de Gaitas Mato Vizoso, sendo a orquestra Los Magos a encargada de amenizar a sesión vermú.

Ás 20.00h, actuarán os Bregadiers como antesala da verbena a cargo da orquestra Los Magos e pechará a xornada a actuación de El Kubo, coñecido por ter o segundo escenario máis grande de Europa.

As agrupacións locais Mestura de Nete e Cerna de Árbol farán o pasacalles do día 2. Unha xornada na que



tamén terá lugar o Torneo Rugby 3x3 Santa María.

A sesión vermú correrá a cargo da orquestra Principal e á tarde terá lugar o Festival de Bandas Pepe Guntín con pasacalles cara o Auditorio as 20.00h.

Pechará a xornada a verbena amenizada pola orquestra Principal a actuación de ASSIA na Praza da Constitución.

As festas rematarán o día 3, coa celebración do Día das Parroquias que nesta edición 2023 estará adicada a Noche.

O pasacalles correrá a cargo do grupo de gaitas de Tovar, da agrupación local Cerna de Árbol e da Charanga de Vilalba e a sesión vermú e posterior verbena estarán amenizadas pola orquestra Galilea.

SE TANTO A QUERÍAS, XA TES A FIBRA QUE MERECEAS

adamo
Fibra · Móbil · Fixo · TV

OFERTA
VECINOS
LUGO
NON A DEIXES
ESCAPAR!

Fibra
1.000 Mb

Móbil
50 GB

28€
/mes
Durante 12 meses
44€/mes

192 € DE AFORRO!

ENGADE
adamo TV
TV POR SÓ
3€
/mes

+100
canais

Chama gratis ao 900 651 679 ou configura o teu paquete en adamo.es

Oferta válida para novos clientes que non contratasen Adamo nin ultrafina 3 meses e que contratasen entre 01/06/2023 e o 23/08/2023, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST! + Móbil ilimitado 50GB coa promoción, durante os primeiros 12 meses, só paga os 28€/mes, despois PVP total 44€/mes. Prezo final con IVE e taxa de IVE incluídos. Promoción suxeita a permanencia dos servizos de Adamo de 12 meses. Cota de activación de 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que a oferta suxeita a cancelación do servizo e se dese de baixa antes dos 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia. Líñas adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.

O Concello realiza melloras na rúa da Pravia e obras nas parroquias

As obras que se están a realizar na rúa da Pravia, onde se está a cambiar completamente a fisonomía empezan xa a deixar os cambios máis visibles. Así, xa foi instalada unha nova rotonda para xestionar o tráfico no cruce das rúas fronte á Pravia.

Ademais, comezaron máis traballos na zona rural.

VILARGABÍN. A área de Infraestruturas Rurais segue a dar celeridade aos proxectos pendentes de execución. Así, o tenente de alcalde e responsable da mesma, Modesto Renda, informaba dunha nova mellora na rede viaria, desta volta na parroquia de Insua. Os traballos realizáronse na vía municipal que lle dá acceso ao barrio de Vilargabín e o obxecto dos mesmos foi a apertura e limpeza de noiros, a pavimentación mediante dobre rego asfáltico e a colocación de sinalización vertical.

NETE. Tamén informou dunha nova mellora na rede viaria municipal, desta volta na parroquia de Nete.

Os traballos realizáronse na vía municipal que lle dá acceso ao barrio do Reboredo e o obxecto dos mesmos foi a apertura e limpeza de noiros, a pavimentación mediante dobre rego asfáltico na superficie e a colocación de sinalización vertical.

OLEIROS, GOIRIZ E SANCOVADE. Renda anunciou a saída a licitación de varias obras de mellora e renovación de viais nas parroquias de Oleiros, Goiriz e Sancovade. Concretamente, actuarase nos viais municipais que unen os barrios de Liñares, Gardamil e Cabanas na parroquia de Oleiros; Graduín e Fabas na de Goiriz e na vía que lle dá acceso ao barrio de Barbeitas, en Sancovade.

SAN SIMÓN DA COSTA. San Simón da Costa conta cunha mellora e renovación de varias vías segundo informou o tenente de alcalde e responsable de Infraestruturas Rurais Modesto Renda. Os traballos realizáronse nos viais municipais que lle dan acceso aos barrios da Besta de Arriba, Racamonde e Vilardebín e o obxecto dos mesmos foi a limpeza de noiros e tubaxes; a mellora tamén do drenaxe mediante a colocación de tubaxes adicionais; o recargo e nivelación das capas base, mediante zahorra, macadam ou gravillón onde

foi preciso e a pavimentación mediante dobre ou triplo rego en toda a superficie.

XOIBÁN. Comezou tamén a mellora de dúas novas vías en Xoibán. Os traballos parten dun proxecto de obra pendente de execución e realizáronse nos viais que lle dan acceso ao barrio da Granda e no que une o mesmo barrio con Cospeito. O obxecto dos mesmos foi a limpeza de noiros e tubaxes e a pavimentación mediante dobre ou triple rego asfáltico en toda a superficie, sendo o tempo de duración total dous días. Renda tamén contrastou coa veciñanza da parroquia a actuación e volveu facer fincapé na importancia de dar celeridade ós proxectos pendentes ó tempo que se organizan novas obras e actuacións.



Acordo cos veciños para os investimentos no rural

Modesto Renda anunciou que a primeira medida que tomou como responsable de obras no rural é escoitar á veciñanza de cada parroquia para que decidan eles as súas prioridades. “O meu xeito de traballar no rural será reunirme coa veciñanza parroquia a parroquia, expoñer o diñeiro co que se conta no Concello e que

sexan os veciños/as os decidan as prioridades”. Así resumiu o vicealcalde de Vilalba, Modesto Renda, a súa primeira medida como responsable de obras no rural.

Unha iniciativa pioneira que, tal e como explicou, “camiñará paralela á da continuada execución das obras comprometidas”. Así, lembrou, o

proceso de escoita suporá o cumprimento dunha das medidas que con máis forza defendeu na pasada campaña electoral: “Queremos gobernar escoitando e o meu obxectivo como responsable de infraestruturas rurais será facer xustiza en materia de investimentos coas parroquias”.



CAMPAMENTO. O concello de Vilalba recibiu a visita dos nenos e nenas que participan en campamentos de verán no municipio. Os nenos participaron nun pleno infantil no salón de plenos, visitaron a Alcaldía e desfrutaron das explicacións da Policía Local sobre o seu traballo e os seus vehículos, mostrando moito interese.

O comedor da Escola Infantil amplíase para atender a 67 nenos

O Concello de Vilalba informa aos veciños e veciñas de que foron admitidos os 67 nenos e nenas que solicitaron o servizo de comedor escolar na Escola de Educación Infantil. Dos 67 admitidos, 35 xa utilizaban o comedor o ano pasado e 32 corresponden a solicitudes de novo ingreso. O Concello sacará nos próximos días a licitación o servizo para que todo esté listo no comezo do curso en setembro.

O servizo de comedor, posto en marcha polo goberno local de Vilalba hai dous cursos escolares, aumenta desta forma a súa oferta para atender a todas as familias, unha decisión que foi consultada polo Concello na pasada primavera coa dirección do centro e os pais e nais.

“O servizo de comedor é un servizo público básico, ademais de ser un servizo educativo, complementa-

rio, compensatorio e social que constitúe un instrumento imprescindible para contribuír á conciliación da vida laboral, familiar e persoal das familias”, asegura Marta Rouco, concelleira de Servizos Sociais e encargada da escola infantil. Os menús estarán elaborados atendendo ás condicións dietéticas, sanitarias e hixiénicas esixidas para atender ás necesidades nutricionais dos usuarios/as do servizo.

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

outlet
sótano

GARANTÍA DE CONFIANZA
COMERCIO LOCAL

azulejos, porcelánicos
& muebles de baño

“CON POCO HACES MUCHO”



APROVECHA LA OPORTUNIDAD
SOLO HASTA FIN DE EXISTENCIAS

+ 3.000 m² AZULEJOS
PORCELÁNICOS 6€ +IVA

SÓTANO OUTLET 681 19 36 05 - 982 30 46 00 CONTURIZ - LUGO www.sotano.es

Dinamiz-ARTj leva este agosto a Vilalba varias actuacións

Este mes de agosto a programación cultural de Dinamiz-ARTj achega 3 actuacións á provincia de Lugo, concretamente, a Vilalba. Serán 3 artistas que achegarán diferentes propostas musicais e teatrais para todo tipo de públicos e entre os que se atopan Circando, Os D'Abaixo e The Soulers.

O luns 28 ás 17.30 horas na Praza da Constitución levará a cabo a actuación de Circando, unha gala de circo, música e maxia.

The Soulers chegarán a Vilalba o martes 29 ás 20.00 horas, con concertos de presentación do seu segundo traballo en estudo.

Os D'Abaixo poñerán o broche final o mércores 30 ás 22.00 horas na Praza de Santa María. Mediante o seu proxecto Somos a pedra, a liña tradicional que caracteriza a Vos D'Abaixo fúndese, máis que nunca, con aires novos de composicións propias.

Presentan aos clubs as bases do uso das instalacións

A alcaldesa de Vilalba e responsable da área de Deportes, Elba Veleiro, mantivo un encontro con representantes dos clubs do concello para explicarlles as bases reguladoras do uso das instalacións deportivas municipais no curso 2023/24.

O marco polo que se regula a cesión do uso de espazos deportivos das instalacións municipais é moito máis complexo que fai anos debido ao aumento da rede asociativa local, que require dos mesmos para desenrolar a práctica deportiva.

Polo tanto, era necesario por parte do concello regular un procedemento que facilite e mellore a xestión e coordinación de espazos, facilitando a comunicación entre as entidades e a administración.

A normativa establece criterios de preferencia para a concesión de uso das instalacións, dándolle prioridade ás escolas deportivas, despois os clubs e por último as solicitudes de particulares.

“Tentaremos facer unha oposición útil e construtiva defendendo aos vilalbeses”

Sandra López é a nova voceira do Partido Popular tralo nomeamento de Sandra Vázquez para a Xunta

O nomeamento de Sandra Vázquez como secretaria xeral de Igualdade na Xunta de Galicia trouxo un cambio importante nas filas do Partido Popular de Vilalba. Cambiouse a dirección do mesmo nomeando como voceira a Sandra López.

Como afronta este novo cargo?

Coa máxima motivación e responsabilidade. Sei que teño por diante un camiño de aprendizaxe e cousas que mellorar, e niso poñerei o máximo empeño. E tamén coa responsabilidade de saber que represento a un grupo de persoas; un grupo unido e traballador, que pretende estar á altura do que esixen os vilalbeses e vilalbesas.

Fálenos un pouco de vostede.

Como comeza a súa relación coa política?

A presidenta do noso partido, Sandra Vázquez, propúxome formar parte da candidatura do Partido Popular para as eleccións municipais do pasado 28 de maio. A ilusión que ela me transmitiu polo traballo en equipo e as ganas dun cambio para Vilalba foi o que me animou a aceptar a súa proposta.

E a súa vinculación co partido?

O Partido Popular, segundo o meu punto de vista, representa o sentido común, a seriedade e a responsabilidade, e iso considero que é o que demanda a maior parte da veciñanza.

Ao meu entender, a vinculación primordial de todo político/a deben ser as persoas ás que representamos, neste caso os vilalbeses/as.

Que proxectos teñen?

Os proxectos que tiñamos ían plasgados no programa electoral e, agora dende a oposición, intentaremos velar polo benestar do pobo, levando a cabo todos aqueles proxectos que podamos dende a oposición. Tentaremos facer unha oposición útil e construtiva na que defendamos os dereitos dos vilalbeses e vilalbesas.

Cal é o primeiro reto?

O primeiro reto xa se nos presentou no pasado pleno do día 26 de xuño, onde PSOE e VA pretendían quitarlle as competencias ao Pleno e darllas á Xunta de Goberno Local, na que ten maioría o PSOE. Isto implicaría, darlle todo o poder de decisión ao PSOE e iso non foi o que votaron os vilalbeses/as. O equipo de goberno pretendía así gobernar, a través da Xunta de Goberno, cunha maioría que non obtivo nas urnas.



Cales serán os obxectivos para estes vindeiros anos?

O obxectivo é cumprir co mandato das urnas. Somos o partido con máis representación, 8 concelleiros/as, apoiados por 3.810 votantes, aos que nos debemos. O noso obxectivo é defender os intereses de todos os vilalbeses/as e para iso traballaremos diariamente e escoitaremos aos nosos veciños/as.

Por onde comeza a traballar?

Pola escoita á cidadanía. O noso programa electoral estivo baseado nas propostas que fixeron os veciños e veciñas durante os últimos anos. A nosa pretensión é continuar coa liña de traballo iniciada pola nosa presidenta, Sandra Vázquez.

Cales consideran que son as principais necesidades ou problemas que ten a vila?

Unha das principais necesidades

está nas estradas do noso rural, non se fixo o mantemento necesario e agora atópanse nun estado de abandono total, non se trata dun caso puntual, por desgracia todas as

parroquias están igual, o que supón un grave prexuízo para os veciños do rural que pagan impostos igual que os demais.

En canto ao casco urbano, un dos problemas fundamentais radica na parálise do polígono. Un polígono é o motor económico dunha vila. Impulsar ao polígono industrial implicaría unha cuestión de vital importancia como é a creación de postos de traballo, e para que medre Vilalba, debe medrar o seu polígono.

Que é o que máis lle preocupa?

A falta de organización e xestión do concello o que xerou unha forte descompensación nestes últimos catro anos, por exemplo, no casco urbano efectuáronse obras faraónicas, como a piscina da Madalena e a rúa da Pravia, inversións descomuns, e sen embargo, deixáronse de lado ás aldeas e os servizos básicos da nosa vila.

O PP lamenta que non se solicitaran unhas axudas

O PP lamenta a falta de compromiso do goberno local coas instalacións deportivas e, polo tanto, coas entidades e vilalbeses que as usan para a súa práctica habitual. Concretamente explican que “o goberno local era coñecedor dos problemas de goteiras no pavillón municipal e da necesidade de instalar iluminación no campo de fútbol da Madalena para os partidos do Racing Club Villalbés; e aínda así non solicitou as axudas da Xunta coas que financian ata un 80% as actuacións de mellora en instalacións deportivas de titularidade municipal”. Os populares sinalan que esta situación está a causar prexuízos aos clubs locais. No caso do pavillón municipal onde “se taparon no

seu momento as goteiras, volveron aparecer nalgúns puntos trala última tormenta”. E, ademais, o Vilalba FS tivo que facer fronte aos gastos ocasionados pola suspensión dun partido de fútbol sala o pasado mes de xaneiro polo que continúa agardando que o goberno local os reintegre; xa que “a suspensión do partido non se debeu a un problema do club”.

Igualmente, explican que “o Racing leva dous anos avisando de que era preciso cambiar a iluminación. Tras lograr unha prórroga ata a vindeira tempada, e agora que o club vén de lograr o ascenso de categoría, é indispensable que a instalación da nova iluminación estea feita antes de setembro”.

Nosotros elegimos la Tierra

edp

es.edp.com

“Ímonos centrar no polígono e na promoción dos asociados”

Moisés Carballeira, novo presidente da Asociación de Empresarios Sete Pontes

Falamos co novo presidente dos empresarios de Vilalba, que nos explica os proxectos de futuro da asociación, da que vén de facerse cargo.

Como afronta este novo reto como presidente?

Eu fun elixido presidente por votación despois de levar xa oito anos na directiva. Como presidente vou traballar polos intereses dos socios, que somos os membros do polígono e tamén de todos os asociados que temos en Vilalba. O meu traballo vai a ser preocuparme principalmente polo desenvolvemento do polígono e por todos os asociados.

En canto ao polígono de Sete Pontes, ten algunha necesidade?

No polígono sobre necesidades grandes e pequenas teño sobre vinte, entre elas por exemplo a ampliación do polígono. Temos demanda de chan industrial é unha gran necesidade para poder acoller a empresas que queren instalarse aquí. Unido a isto tamén nos gustaría ter unha gardería, temos que realizar un estudo sobre as empresas con xente traballadora entre os trinta e cincuenta anos e ver cantos nenos hai para saber si é viable poder instalar unha gardería. Para min outro dos puntos importantes a tratar é o mantemento do polígono en canto a limpeza de cunetas e da rede de sumidoiros, asegurar os colectores de lixo nos momentos que sexa necesario. Tamén a ordenación de tráfico e coches e camiións vellos, ter un local no polígono onde colocalos e ordenalos. O obxectivo é ter un polígono limpo que é un aspecto que penso que está moi descoidado.

Cantos membros forman parte da asociación?

Actualmente socios do polígono somos cento tres empresas e asociados correspondentes ao sector do comercio uns oitenta ou noventa e do sector da hostalería



uns setenta.

Cal é a diferenza entre os socios e os asociados?

A nivel económico os socio pagamos sobre os metros que temos de parcela e a edificación no polígono, realízase un cálculo para saber o que lle corresponde pagar a cada un. Os asociados pagan unha cota fixa o ano. No resto teñen os mesmos dereitos, información, defensa e calquera cousa que os socios.

Que iniciativas realizan dende a asociación?

Nós ímonos a preocupar principalmente do polígono e da promoción dos sectores asociados. Seguiremos realizando as iniciativas de promoción para que tanto comerciantes como hostaleiros aumenten as súas vendas, o que eu si que lles vou a pedir e que colaboren, que veñan as reunións e aporten ideas e que participen dunha maneira activa na asociación.

Vai haber algún cambio na asociación?

Tivemos algunha baixa na asociación e tamén a incorporación de xente nova. No sector de comercio e sector hostaleiro incorporáronse

dúas persoas novas e dentro do polígono tamén hai dúas ou tres novas incorporacións. Esperamos que isto traia novas ideas e novos puntos de vista.

Cales son os principais obxectivos da asociación?

O principal obxectivo é que o polígono medre máis e que teña novos servizos que tamén lle permitan crecer. Se medra o polígono, medramos nós e medra todo ao redor.

Como é a situación actual do comercio na vila?

Está ben, pero podería estar mellor. Temos que ir todos a unha e traballar en conxunto aportando ideas e ademais é necesario poñernos un pouco ao día porque na actualidade vai todo moi rápido. Unha das cousas que nos están pasando por riba é internet e as grandes multinacionais, iso está aí e temos que afrontalo e renorvarnos para poder competir. É necesario facer cousas novas e diferentes para atraer ao público e xente de fóra. Está habendo unha transformación no mercado que fai necesario un cambio sobre todo nestes momentos que a economía non está moi brillante.



E. S. POLÍGONO

R/ Maciñeira - Esq. Cerdeira, PC30 - Pol. Sete Pontes, 27800 Vilalba
Tfno.: 982 513 683 / 629 847 744



Muras 2, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 1 Baño | 80m² 65.000€

En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres habitaciones y sala, un baño, cocina amueblada, dos terrazas amplias. Dispone de ascensor y trastero.

Calle Nova 18, Vilalba
Casa / Chalet Adosado | 3 Dorm | 1 Baño | 124m² 72.000€

En Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar a reformar, la casa tiene una superficie, repartida en dos plantas, de 124 metros cuadrados. A maiores hay un almacén de unos 90 metros cuadrados más y la parcela tiene un total de 414 metros cuadrados. La propiedad tiene salida a dos calles.

Rouco Varela, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 149m² 63.000€

En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta una vivienda de 135 metros cuadrados útiles repartidos en tres dormitorios, un estudio, sala, cocina y dos baños. La vivienda dispone de calefacción individual, con caldera prácticamente nueva. El piso es muy luminoso y se trata de una segunda planta sin ascensor. A maiores y dentro del precio, la vivienda se vende con una sexta parte indivisa de la última planta del edificio, destinada a trasteros y una cuarta parte indivisa del jardín que existe en la parte posterior del edificio.

Calle Galicia, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 112m² 112.000€

En Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico, con orientación oeste, de tres habitaciones, sala, dos baños y cocina. La vivienda dispone de calefacción individual a gas, ascensor, garaje y trastero.

Avenida de Galicia, Vilalba
Local | 50m² 51.000€

En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un local en planta de calle, totalmente instalado, en el que hay dos despachos, una sala de espera, un archivo y un baño.

Calle Cospeito, Vilalba
Piso | 2 Dorm | 1 Baño | 70m² 82.000€

En Vilalba (Lugo), en el edificio que hace esquina entre la Avda. Tierra Llana y la calle Cospeito ofrecemos en venta un apartamento totalmente amueblado de dos habitaciones, sala, cocina y baño. Dispone de calefacción, garaje, trastero y ascensor.

Basanta Silva, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 130m² 95.000€

En Vilalba (Lugo), ofrecemos un piso céntrico, de 3 habitaciones, sala amplia, dos baños, cocina y garaje. Dispone de calefacción individual y ascensor. La vivienda tiene orientación sur.

Pravia, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 104m² 80.000€

En Vilalba (Lugo), muy céntrico, se vende piso de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. Se vende con los muebles. Dispone de calefacción de gas ciudad y ascensor. La propiedad también estaría dispuesta a aceptar un alquiler con opción de compra.

Ronda de la Muralla 75, San Roque - As Fontiñas, Lugo
Local | 96m² 180.000€

En Lugo, concretamente en la Ronda de la Muralla, en las proximidades del edificio de la Xunta, se vende local en bruto, con una superficie útil en planta de 48 metros cuadrados; pero tiene altura de 5 metros, lo que permite hacer un local de planta baja y piso, con una superficie total en torno a los 100 metros cuadrados. El local tiene salida de humos y todas las preinstalaciones necesarias para montar cualquier negocio. Si le interesase al comprador, también se vende por 4.800 euros más una plaza de garaje pequeña, que está ubicada en la calle Alta, a unos 200 metros del local.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfno.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

rábade

Rábade celebrará do 11 ao 15 de agosto as festas

Rábade inicia o 11 de agosto, e ata o 15, as súas festas patronais.

O venres arrancarán coa celebración do Rabafolc, que este ano chega á súa edición número XXVII e que contará cos grupos Óscar Ibáñez & Treibo e TNT Tanto nos Ten.

O sábado 12 será o Día da Bicicleta coa presenza das orquestra Compostela e a Disco Móvil Zona 0 para pechar a xornada cunha sesión de fogos de artifício.

O domingo será un día grande coa Festa no río e a tradicional Esbatuxada polas augas do Miño, unha cita que cada ano concentra un maior número de participantes cos disfraces cada vez máis orixinais.

No apartado musical a festa contará cun concerto de bandas e a actuación de La Fórmula e Grupo Alba.

O luns o apartado musical estará a cargo de Claxxon e Grupo Máster,



deixando para o martes 15 as últimas citas festivas coa IV edición do Subidón dos Avós e a XVII descarga pirotécnica. A orquestra Trébol será a encargada de pechar as celebracións acompañada da tradicional sesión de fogos de artifício.

As obras da vía Lugo-Friol obrigan a alternar o tráfico entre os carrís

As obras de reforzo do firme que acomete a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade na estrada autonómica LU-232 (Lugo-Friol) obrigan a cortar un carril e dar paso alternativo polo outro nos dous sentidos de circulación mediante regulación semafórica.

As restricións limitáanse ás horas nas que os equipos están traballando e aos treitos nos que interveñen en cada momento a medida que avanzan as obras. O grao de execución da intervención ronda o 30%.

A obra afectará a toda a lonxitude da vía e á superficie completa da calzada. Nas partes deterioradas estanse a realizar fresados e a súa posterior reposición con mestura bituminosa



en quente a carril completo.

A continuación aplicarase en toda a calzada unha capa de microaglomerado en frío, que uniformará a superficie de rodaxe e incrementará a impermeabilidade da vía e a adhe-

rencia. A actuación ten un orzamento de 1,2 millóns de euros e forma parte dun contrato por importe total de 2,1 millóns de euros que engloba actuacións en tres estradas autonómicas da provincia de Lugo.

Unhas 135 persoas participaron no primeiro paseo turístico do GDR-4

Friol abriu o pasado 29 de xullo os paseos polas comarcas de Lugo e Terras da Ulloa, un ambicioso proxecto de colaboración entre o GDR-4, Guido Guía e 10 concellos das comarcas de Lugo e A Ulloa: Antas de Ulla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, O Páramo e Rábade.

Esta primeira actividade contou con máis de 135 persoas que recorreron o roteiro de Friol de tres horas de duración e logo puideron desfrutar dunha degustación de produtos locais e tamén da actuación dunha das agrupacións de música tradicional da zona, Xesta Verde.



Este ciclo de actividades lúdicas e culturais pretende promover o descubrimento da historia, da natureza e das riquezas de todos os concellos, así como promover e promocionar os valores gastronómicos, sociais e

de todo tipo. A seguinte será o 9 de setembro en Guntín.

As inscricións son gratuítas e pódense facerse a través do correo info@comarcadelugo.gal ou do teléfono 982 238 000.



PINTURA RÁPIDA. Pechou o concurso de Pintura Rápida de Rábade coa participación de 22 artistas e un primeiro premio que se levou Isabel Seidel, que recibirá 1.200 euros pola obra na que representa un dos arcos da ponte medieval. O segundo premio, dotado con 800 euros, foi para Benigno Rodríguez Sánchez, e o terceiro para Abraham Pinto Mendoza, que terá 600 euros. Ademais, Óscar Hernán Mínguez recibe 500 euros.

ebos
OBRADOIRO DOCE

Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obradoiro Doce

MOBELRIAS

Descubre as novidades na tenda

PLAmoble Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

O Concello renovará o alumeado no campo de fútbol da Reigosa

As obras proxectadas polo Concello para levar a cabo esta instalación de aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior do campo de fútbol e o entorno do mesmo ascenden a case 100.000 euros.

Na actualidade o alumeado existente no campo de fútbol de Friol, na rúa de acceso, e no mercado gandeiro, encóntrase en condicións moi deficitarias, con luminarias con un elevado consumo de enerxía eléctrica, polo que leva ao concello a ter que asumir un elevado coste económico. Estes traballos no campo de fútbol veñen dados tamén debido ás peticións que dende todos os club de fútbol do pobo veñen solicitando dende fai un tempo, debido á mala calidade lumínica da instalación actual, que fai que os partidos que se teñen que disputar en días ou en horarios con pouca visibilidade, pro-

voque as queixas dos árbitros e dos equipos rivais.

Con este proxecto vaise realizar a renovación do alumeado existente, colocando novas luminarias e proxectores de tipo LED de menor potencia, con dobre nivel, realizárase a instalación de un descargador de tensión e unha nova toma de terra en cada cadro de protección e mundo existente.

Para dar cumprimento á normativa de NIDE de iluminación en campos de fútbol e realizar a iluminación adecuada é necesario substituír os postes de formigón existentes de 11 metros de altura por unhas torres de iluminación de 15 metros para colocar os proxectores led.

En canto ao mercado gandeiro realízase a substitución dos proxectores existentes por outros máis eficientes en led.

Con estes traballos, cos que se incrementará en máis de un 30% o número de puntos de luz existentes, e cos que será moito menor a potencia consumida en quilovatios, conseguirase que o consumo enerxético, e polo tanto os custos, se vexan reducidos en máis de un 40%.

O Concelo continúa así na súa labor de renovar todas as luminarias do alumeado público, para conseguir reducir costes enerxéticos, reducir costes de mantemento, mellorar a calidade lumínica, reducindo polo tanto as emisións de CO2 e outros gases invernadoiro, e concienciar, na medida do posible, do aforro enerxético que se consegue no alumeado público e que tamén poden conseguir nos seus fogares ou negocios.

O alcalde popular, Jose Ángel Santos, di que "consideramos que estes traballos de cambio de luminarias



no alumeado público, para os cales aproveitamos as subvencións que podemos solicitar, son moi importantes para aforrar tanto en consumo enerxético como en cartos das

arcas municipais, xa que as facturas de enerxía se ven reducidas notablemente, polo tanto, seguiremos con esta labor ata que consigamos o cambio do 100% das luminarias".

Rehabilitan cunha axuda da Xunta o centro social de Vilalvite

A Consellería do Medio Rural asinou un convenio para a concesión dunha achega de case 132.000 euros coa finalidade de levar a cabo un proxecto senlleiro de urbanización exterior e rehabilitación interior do centro social de Vilalvite.

Este proxecto senlleiro consistirá na mellora das instalacións, actualmente deterioradas, para que ofrezan condicións de seguridade, salubridade e habitabilidade ade-

cuadas para que os veciños poidan gozar delas. Así, na parte exterior acondicionárase a parcela onde se sitúa a edificación, creando unha superficie horizontal empedrada para unha nova rampla e escaleira. Tamén se acondicionará unha parte da parcela para un aparcamento de vehículos, mantendo a mesma topografía. Por último, ocultárase o saneamento das cunetas existentes e habilitárase unha nova zona para

os contedores de lixo.

Na parte interior do centro social, cambiarárase as carpinterías e acabados interiores e exteriores. Tamén se rehabilitarán as cubertas da edificación e acondicionárase o aseo, a rampla e escaleiras que dan ao exterior para adaptalas ás persoas con mobilidade reducida.

Así, o edificio -construído no ano 1970 como escola unitaria- destinarase a usos culturais e sociais.

Imparten cursos de natación no mes de agosto nas piscinas

O Concello de Friol imparte cursos de iniciación e perfeccionamento de natación nas novas piscinas municipais este mes.

Estes cursos, que estarán subvencionados, impartiranse ata o 31 de agosto e o número de prazas é limitado polo que é importante

facer a reserva na piscina o antes posible.

Haberá tres quendas. A primeira será do 1 ao 11 de agosto, a segunda do 14 ao 25 e a terceira do 28 de agosto ao 8 de setembro.

O prezo será de 10 euros para socios e 15 para non socios.



MAIORES. Un ano máis, o pavillón de Friol acolleu a celebración do Día do Maior cun xantar no que participaron centos de veciños, que puideron desfrutar dun menú galego en plenas festas patronais. Na celebración, patrocinada e organizada polo Concello de Friol, non faltou a festa, a conversa e o recoñecemento aos maiores do termo municipal.



REFORMAS Y LIMPIEZAS

Ramos Loures



EMPRESA ESPECIALIZADA EN TODO TIPO DE DESATASCOS Y VACIADO DE FOSAS SÉPTICAS

SERVICIO EXCLUSIVO 24H / 365 DÍAS

Disponemos de gran camión cuba para transporte de residuos y limpieza de alcantarillado

Y damos servicio de lavado de canalización a explotaciones agrícolas e industriales

Además contamos con 3 camiones para realizar todo tipo de desatascos (wc, fregaderos, arquetas, etc.)

Somos poseedores de la última tecnología en cámaras de inspección de tuberías (para fregaderos y canalizaciones), para detectar cualquier problema en las tuberías

PIDE PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

Rei Don García 91 Bajo.
27002 Lugo
659 718 582 (24h) / 665 590 486
info@ramosloures.es / www.ramosloures.es
ryramosloures

EN BREVE

RISCOS LABORAIS. A CIG iniciará o día 6 de setembro un curso básico de prevención de riscos laborais de 60 horas de duración. Este será presencial e se celebrará todos os mércores e venres ata o 11 de outubro, ademais do 25 de setembro, que tamén será lectivo. O horario das clases será de 16.00 a 21.00 horas e as persoas que desexen anotarse deberán facelo no teléfono 981 451 510 ou no correo aspontes@galizacig.gal.

CAMPUS BALONCESTO. As Pontes acollerá entre o 4 e o 8 de setembro un campus de baloncesto dirixido a nenos de 8 a 16 anos. Este campus contará con actividades de multideporte, iniciación a deportes alternativos, excursións e visitas de xogadores, adestradores e árbitros profesionais. O prazo de inscrición está aberto ata o 13 de agosto.

RUGBY. O Fendetestas organiza a VI edición do Campus de Rugby, do 28 de agosto ao 1 de setembro. Este Campus de rugby está dirixido aos máis novos de entre 4 e 16 anos, e levarase a cabo no campo artificial O Poboado. As sesións irán das 10.00 ás 18:00 horas e os interesados en participar deberán facelo dirixíndose ao correo campus@crfendetestas.com.

Licitan o sistema de depuración de augas na autovía Ferrol-Vilalba

A Xunta licitou a xestión do sistema de depuración das augas superficiais da autovía Ferrol-Vilalba, a AG-64, ao seu paso polo concello das Pontes, por un importe de case 3,8 millóns de euros.

A Plataforma de Contratos Públicos recolle a licitación deste contrato, cunha duración de 4 anos. As empresas interesadas poderán presentar as súas ofertas ata o vindeiro 30 de agosto.

Trátase da contratación dos servizos da explotación e optimización das instalacións de tratamento físico-químico para corrección do pH das augas superficiais no tramo da autovía á altura de Mariñadela, así como da decantación e separación dos lodos residuais, de modo que no medio natural se garanta pH normal.

Tras as obras realizadas na construción da AG-64, concretamente no tramo pertencente ao concello das Pontes á altura de Mari-

ñadela, quedaron ao descuberto materiais píríticos cuxa oxidación acentuaban a acidez que xa posúen de forma natural as augas da zona, cos conseguíntes efectos na conca do río Chamoselo, tributario do Eume, e no Eume.

Para corrixir os problemas detectados, a Xunta desenvolveuse un plan de actuación encamiñado a minimizar as causas que provocan a acidificación, procedendo ao selado do vertedoiro-amoreo dos Airíos, gunitado dos noiros do desmonte da Mourela e impermeabilización dos noiros do terraplén da autovía.

En paralelo a estas intervencións, definiuse un tratamento integral dos cursos de auga afectados pola acidificación, nos ríos Eume e tributarios e no encoro do Eume, alcanzándose unha situación estable en canto ao funcionamento do sistema de tratamento das augas ácidas, cuxo mantemento foi asumido pola Xunta.

O Monte Caxado e a Casa do Mel intégranse na Rede de Centros Museísticos de Ferrolterra

Un total de trece museos e centros de interpretación acaban de pór en marcha a Rede de Centros Museísticos de Ferrolterra. Esta nova entidade pretende sumar sinerxías, compartir experiencias e favorecer a visibilidade destes espazos na comarca. Como primeiro proxecto conxunto das entidades participantes, a Rede acaba de publicar un tríptico no que se localizan as mesmas e se dan a coñecer os variados contidos que as vertebran.

Na actualidade fan parte do proxecto o Museo Naval, o da Construción Naval e o de Historia Natural de Ferrol, o Museo Mares e o Castelo da Concepción en Cedeira, o Etnográfico da Capela, o Etnográfico Monte Caxado das Pontes, o Museo Pérez Porto de cerámica (Esmelle), o Museo do Humor Xaquín Marín de Fene, o Centro de Interpretación de Caldoval (Mugardos), a Casa do Mel de Goente, o Océano Surf Museo (Valdoviño) e o Centro de Interpretación das Revoltas Irmandiñas, situado en Moeche. De cara ao futuro, a Rede non desbota incorporar novos espazos da zona, e prevé organizar unha expo-



sición conxunta que dea a coñecer o proxecto para o vindeiro mes de setembro.

Froito da colaboración e das xuntanzas desenvolvidas nos últimos meses xurdiu xa o primeiro proxecto conxunto: un tríptico con información de cada nun dos museos que forman parte da rede e a súa localización no mapa.

O próximo paso que os integrantes da rede teñen xa en mente pasa pola súa presentación pública a través dunha exposición conxunta que podería ter lugar, previsiblemente, no mes de setembro no Museo Naval de Ferrol.



CAMPAMENTO. No campo de voluntariado de Vilarbó participan desde o pasado 15 de xullo un total de 16 mozos e mozas procedentes de distintos puntos de Galicia e o resto de España. Os participantes, con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos, ocúpense de labores vinculadas á conservación medioambiental tales como plantacións e reforestacións, limpeza das beiras do río Eume, construción de hoteis para abellas, colocación de caixas niño e comedeiros ou un inventario de especies, entre outras.

Firmado o convenio para crear 20 novas prazas de FP no Castro da Uz

O conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades, Román Rodríguez, e o director xeral de Nervión Naval Offshore, Roberto Bouzas, asinaron un convenio de colaboración para a posta en marcha de sete programas de FP Dual na comarca de Ferrolterra o vindeiro curso con máis de 50 prazas.

No caso do Ferrolterra, poranse en marcha tres proxectos que suman un total de 28 prazas. En concreto, o centro impartirá o ciclo medio de

Soldadura e caldeiraría e os ciclos superiores de Mecatrónica industrial e Deseño en fabricación mecánica.

Pola súa banda, o instituto Castro da Uz das Pontes de García Rodríguez sumará 20 novas prazas coa implantación do ciclo medio de Soldadura e caldeiraría, mentres que no de Fene ofreceranse dúas novas prazas para cursar o título superior de Mecatrónica Industrial.

O Centro Integrado de FP Rodolfo Ucha Piñeiro, tamén no concello de



Ferrol, sumará dous proxectos ao ofrecer catro prazas nos ciclos superiores de Transporte e loxística e Administración e finanzas.





POR CADA
10€
DE COMPRA
TE DESCANTAMOS
1€
EN TU
SIGUIENTE COMPRA




RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

As Pontes Emprende recibe 64.000 euros para crear empresas

O Concello destinará 64.000 euros ás achegas para a creación de empresas, a través dunha nova edición do programa "As Pontes Emprende" destinado a fomentar a actividade empresarial, contribuíndo deste xeito á xeración de emprego no ámbito municipal do Concello das Pontes. A novena edición deste programa, posta en marcha no ano 2015, ten como obxectivo prioritario fomentar a actividade económica, incentivar a creación de novos proxectos empresariais e dinamizar a pequena e media empresa e ás persoas autónomas, ofrecéndolles un apoio para que poidan afrontar o reto de establecerse como traballadores/as por conta propia ou o da posta en marcha dun proxecto empresarial.

Esta achega súmase aos 279.119 euros destinados nas edicións anteriores e que permitiron apoiar a 105 novos emprendedores e xerar máis dun centenar e medio de postos de traballo en sectores como o da agricultura ecolóxica, o comercio, a hostalaría, a construción, a carpintería metálica ou servizos profesionais. Ana Pena, responsable de Industria e Emprego no Concello das Pontes, apunta que "con esta nova convocatoria, amosamos, unha vez máis, o compromiso do goberno local coa actividade emprendedora do municipio, adoptando, dentro das nosas competencias, todas as medidas oportunas para fomentar a capacidade creativa e emprendedora dos nosos veciños e veciñas".

Así mesmo, a concelleira fixo fincapé na importancia das persoas emprendedoras na economía local: "son unha fonte de riqueza e un elemento esencial para o crecemento, a competitividade e a modernización do tecido empresarial local. Contribúen ao sostemento da economía local e son xeradores de centos de postos de traballo".

O programa As Pontes Emprende contempla dúas liñas de actuación, ambas cun importe máximo de 2.000 euros. A liña Impúlsate está destinada a sufragar os gastos de alugueiro mentres que a través da liña Instálate cubriranse os gastos de inmovilizado material e inversión na adecuación de locais para a posta en marcha da actividade.

Esixen á Xunta para o colexio A Magdalena persoal especializado

O Consello Escolar Municipal das Pontes esixe á Xunta de Galicia persoal especializado en atención á diversidade para o CEIP A Magdalena. Nun escrito remitido á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade na Coruña solicita unha reunión urxente para abordar esta cuestión de cara a adoptar todas as medidas precisas que garantan unha atención especializada, axeita ás demandas dos menores con necesidades educativas especiais escolarizados no centro educativo das Pontes.

Durante o curso pasado, o Consello Escolar Municipal lembra que no CEIP A Magdalena "cumprindo coa petición da inspección educativa



para optimizar os recursos profesionais, agrupouse fóra da aula de referencia ao alumnado con necesidades educativas especiais incumprindo coa do 8 de setembro de 2021 na

que se especifica que a atención docente especializada debe prestarse, con "carácter xeral", dentro da aula ordinaria do alumnado ao que se lle presta apoio"

O alcalde foi reelixido presidente da Deputación



Valentín González Formoso (PSdeG-PSOE) foi onte reelixido presidente da Deputación da Coruña cos votos favorables de 17 dos 31 deputados da corporación fronte aos catorce obtidos polo candidato do Partido Popular, Evaristo Ben, no pleno extraordinario de constitución da nova Corporación provincial. É a primeira vez na historia da institución que un presidente encara un terceiro mandato consecutivo, un feito que Formoso asumiu "cun inmenso sentimento de gratitude e, sobre todo de responsabilidade: a

de seguir construíndo xuntos unha provincia da que nos sintamos orgullosos". No seu discurso de investidura, Formoso lembrou que "promover a prosperidade na provincia era o mandato que a Constitución de 1812 atribuíu ás deputacións e sinalou que "esta idea foi a que vertebrou a nosa acción de goberno nos últimos oito anos". "Un deber e un compromiso que manteño e renovo hoxe aquí, perante a nova Corporación que acabamos de constituir, con responsabilidade, gratitude e ilusión", afirmou.



CAMPAMENTO. O Concello das Pontes ofreceu unha recepción oficial a unha representación da veciñanza de Lesneven, coincidindo coa celebración do 32º aniversario do irmandamento entre As Pontes e a vila bretona. Desde a súa chegada ás Pontes, a delegación bretona, formada por 34 persoas, participa en diferentes actividades no municipio ademais de visitar outros lugares da xeografía galega como a cidade da Coruña ou a Ribeira Sacra.

CONSTRUCCIÓN

Servicio de camións grúa para transporte de materiais e áridos para particulares e empresas.

Retroexcavadora de unha tonelada para traballos de difícil acceso e interiores de casas.

- DESATASCOS CON MÁQUINA DE ALTA PRESIÓN • FONTANERÍA • ELECTRICIDAD • COMPRA Y VENTA DE INMUEBLES
- SERVICIO DE CAMIÓN CON CANASTILLA
- MOVIMIENTO DE TIERRA • REFORMAS INTEGRALES • RETRO Y MINI EXCAVADORAS • ALBAÑILERÍA
- LIMPIEZA Y PINTURA DE FACHADAS
- SUSTITUCIÓN, LAVADO Y REPARACIÓN DE TEJADOS

Multiservicios InterGallego sl

Desde 1971 materializando sueños
A nivel nacional e internacional

AVDA. GALICIA 11 - VILALBA
Tfno.: 633 305 451 / 982 162 919
info@intergallego.com

MULTITIENDA

Nueva multitienda en Vilalba, donde encontrará inciensos de la India, cartas de tarot, péndulos de cuarzo, gemas, aceites para dolores, regalos, aromaterapia, bisutería desde 1€, jabones artesanales, bombitas de baño, champú sólido, bolsos, productos espirituales, velas con oraciones, talismanes, amuletos, pulseras y colgantes protectores, spray auricos, fregasuelos espirituales etc.

Distribuidor oficial y exclusivo en Vilaiba de CBD

Horario de lunes a viernes de 9:30 a 13:30 y de 16:30 a 20:30h.
Sábados de 9:30 a 13:30h.
Domingos de feria de 10 a 14h.

A Festa ó Emigrante volve o 24 de agosto

Pol celebrará o xoves 24 de agosto a súa tradicional Festa ó Emigrante cos veciños e visitantes que tamén queiran participar, e que se darán cita na carballeira de Mosteiro para desfrutar do xantar.

O Concello instalará como todos os anos unha carpa con capacidade para 1.800 persoas, para xantar no seu interior e gozar do ambiente festivo que haberá na carballeira. Ademais, os grupos tamén participan coas merendas no exterior da carpa e de feito, contarán tamén con diferentes postos de comida.

Nesta edición, a xornada dará comezo ás 13:00, coa misa, para dar paso ao pregón, que estará a cargo de Hortensia Díaz Blanco, profesora natural da parroquia de Silva.

Meida hora máis tarde procederase ao descubrimento da placa conmemorativa do XXXVII Aniversario da Festa ó Emigrante no Concello de Pol.

Ás 14:15 comezará a sesión vermú amenizada pola orquestra La Travesía e ás 15:00 terá lugar o xantar popular. Pola tarde, a partir das 17.00 horas, actuará a charanga CDV de Vilalba, á que seguirá, ás 20.00 horas o DJ Adolfo Valiño. A música continuará pola noite, a partir das 23:00, coa verbena, que estará amenizada polas orquestras La Formula e La Travesía.

Como todos os anos, a comida estará aberta a toda a poboación, e para anotarse haberá que chamar ao Concello (982 345 029) antes do día 22 entre as 9.00 e as 14.00 horas.

Pola tarde, ás 20.00 horas terá lugar o primeiro Torneo SD Pol de fútbol, no que se enfrontarán o ascendido Vilalbés e UD Ourense. Previamente, o mércores 23, terá lugar a presentación do equipo da SD nun partido contra o equipo das Pontes no novo campo municipal.

O Concello agasalla ás catro mulleres centenarias do municipio



Pol rendeu unha homenaxe ás catro mulleres centenarias do termo municipal, que recibiron de agasallo unhas frores e a figura dunha vaca, coa que representan o pasado das catro, que se dedicaron ao campo durante

toda a vida. As homenaxeadas son Josfa Pena Carreira, que cumpriu os 100 este ano; Camila González Rielo, de 102 e natural de Silva; Amparo Vázquez Piñeiro, que ten 103 e naceu en Hermunde e María Antonia

López López, de Baílle, con 104 e decana do concello. Ademais, Pol conta tamén con 15 persoas maiores de 95 anos, "co que a lonxevidade en Pol queda manifesta", asegurou o seu alcalde.

Ónega critica o resultado das obras de Rioxoán a Mosteiro

O alcalde Pol, Lino Rodríguez Ónega, criticou as obras da estrada LU-760 que están a piques de finalizar e que foron visitadas polo delegado da Xunta nos últimos días.

Segundo explicou o alcalde, a obra realizada nos seis quilómetros que unen Rioxoán e Mosteiro non mellorou a seguridade para os seus usuarios como se esperaba xa que non se quitaron as curvas que representan unha gran perigosidade para a circulación e que levaban demandando desde hai 16 anos.

Explica tamén que neste tramo coa obra realizada non queda tampouco lugar para colocar unha parada de bus ou un lugar para facer unha parada polo que supón un perigo para os usuarios.

Así mesmo, indicou que as obras que se fixeron non están ao nivel do tramo Ludrio-Mosteiro, onde realizaron un repintado.

Rodríguez Ónega explicou que se trata dunha "obra pobre" na que

podería terse feito un mellor acondicionamento para beneficio dos usuarios.

"No ano 2007 había un proxecto para ampliar a ponte sobre o río Azúmara en Luaces e no río Valonga, na parroquia do mesmo nome. Chegaron a estar en exposición pública pero sen máis retiraron o proxecto de igualar esta estrada coa de Ludrio.

O alcalde explicou que á recepción das obras non foi invitado por parte do Partido Popular, afeando a conduta da voceira do termo municipal. Engadiu tamén que "a Deputación leva máis de 40 quilómetros de aglomerado nas vías, como o tramo de Suevos, Arcos, Caraño, Gondel e Torneiros-Hermonde; e non se fixo ningunha foto e a Xunta fai 6, e pobres, e o venden como se fose un gran logro", engadiu o alcalde.

"Hai que pobar a rodadura dos tramos e entón poderase ver a diferenzas que hai", concluíu.

muras

Comezan as obras de humanización da praza do Viveiró

A Deputación comezou as obras de humanización do Campo da Feira do Viveiró. Os traballos, que contan cun investimento que supera os 400.000€ -dos que a institución provincial achega 371.200€ (o 92,56%) e o Concello 29.800€ (8%) - servirán para darlle unha nova imaxe a este espazo público tan empregado pola veciñanza e facelo máis accesible.

A actuación consistirá na demolición das actuais beirarrúas, adoquinado, bordos e firmes, coa intención de liberar a zona de traballo. A nova superficie, que será de plataforma única, terá un acabado de formigón lavado, con bandas lonxitudinais de pedra de 10 centímetros de ancho. Situada na intersección das estradas provinciais LU-P-3402 e LU-P-6502, as vías quedarán delimitadas coa plantación de arborado.



Adega recupera os valados tradicionais

Voluntarios coordinados por Adega traballaron na restauración dun valado de pedra seca tradicional na zona das Ucheiras. A actividade desenvolveuse no marco do proxecto Patrimonio Rural. Custodiando o noso legado máis singular, que a asociación ecoloxista desenvolverá nos vindeiros meses

co financiamento da área de Medio Rural da Deputación de Lugo e que inclúe diferentes accións de divulgación, custodia, restauración e conservación do patrimonio cultural e ambiental en entornos rurais da provincia. O programa servirá como paraugas para ampliar os acordos de custodia do territorio.



zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baño
27800 Vilalba (Lugo)
Tel: 982516150

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformacións agrarias
Desbroces y plantacións de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



XXXVIII edición da
FESTA Ó EMIGRANTE
DO CONCELLO DE POL
XOVES
24 de AGOSTO 2023

na Carballeira de Mosteiro (Pol)

PROGRAMA DE ACTOS

13:00 Misa solemne na Carballeira de Mosteiro

13:30 Pregón a cargo de dona **HORTENSIA DÍAZ BLANCO** profesora, natural da parroquia de Silva

14:00 Descubrimento da placa XXXVIII Aniversario da Festa ó Emigrante

14:15 Sesión vermú amenizada pola orquestra

LA TRAVESÍA

15:00 Xantar na Carballeira de Mosteiro

17:00 Actuación da charanga **CDV**

20:00 Música co Dj **ADOLFO VALIÑO**

23:00 Verbena coas orquestras:

**LA TRAVESÍA E
LA FÓRMULA**

Organiza:



CONCELLO DE POL

Colaboran:

**Empresarios
de Pol**



Parga desfrutou da Feira da Cantería, Callos e Artesanía



Parga desfrutou dunha nova edición da Feira de Cantería, Callos e Artesanía, que tivo lugar na Carballeira da localidade. Centos de persoas acudiron un ano máis a desfrutar da gastronomía e das tradicións da parroquia.

A xornada comezou ás 8.30 horas coa chegada dos canteiros e a elección de pedras co lanzamento de Bombas e apertura do XXV Certame de Cantería, para posteriormente, ás 10.00, realizar a apertura da mostra de artesanía. Durante

todo o día estiveron traballando nas súas pezas 14 canteiros e canteiras.

O gañador foi Juan Vázquez Pérez, seguido de Marcos Escudero Pérez e Nicolás Ricón Luis. Moita música para amenizar a mañá, que se completou co Campionato Galego de Andadura Federada 2023, con premios para as categorías cabalos xóvenes, menos e máis de 150 serrada e chapeada e sub 16.

Durante a xornada tamén houbo venda de callos.

Os Vilares celebra a nova edición da Romaría Labrega da Chaira

A Romaría Labrega da Chaira regresa coa súa XXXI edición nos Vilares de Guitiriz, que serán os días 12 e 13 deste de mes con merendas na carballeira do Cancelo, organizada pola Asociación de Veciños, Cultural e Medioambiental da localidade.

O sábado abre a xornada a ruta cabalar ás 10.30, e contará cun menú de empanada, paella, carne ao caldeiro, sobremesa, café e chupito, e todo isto por un prezo de 25 euros.

Máis tarde será a inauguración da III Mostra de artesanía e a Carreira Popular para a que será preciso inscribirse antes do 8 de agosto.

O pregón, que será ás 14.00 horas, correrá a cargo de Xurxo Souto e despois haberá unha sesión vermú cos Vacunas de Rodeiro e os pandereteiros de Na Casa do Zoqueiro.

Non faltará o xantar na carballeira



con agasallos para todas as merendas e a música ambiente.

Pola tarde haberá xogos populares para nenos e adultos e xincanas e carreiras de cabalos, ademais do sor-

teo dunha xovenca de Rubia Gallega. A música estará a cargo de Pelepau e Pulpiño Viascón.

O domingo 13 comezará a festa ás 12.30 horas coa saída da Marcha de Vehículos Antigos pola parroquia e posterior concentración na carballeira.

A música na sesión vermú correrá a cargo do grupo Mekánica Rolling Band, despois da actuación de Os Trapeiros dos Vilares.

Pola tarde e tras a actuación de Cé Orquestra Pantomima na romería pequena haberá festa da escuma. Logo serán os xogos populares, as probas de habilidade con maquinaria agrícola. De novo para a cea poderanse degustar liscos e chourizos tratuídos para rematar coa actuación dos Trapeiros dos Vilares.

A Casa Habanera acolle unha nova exposición fotográfica

A Casa Habanera de Guitiriz acollerá durante agosto e setembro, en horario de 9:00 a 14:00 h, a exposición fotográfica *Eternidade* de Roxelio P. Moreira.

Eternidade é unha exposición fotográfica que representa instantes aleatorios dese sempiterno latexar do mundo no que devalan a natureza e a paisaxe. Nas fotografías pódense apreciar o transcorrer dos

días, da vexetación, das mareas, das nubes e mesmo intúese, sen ser explícito, o noso propio devalar.

Roxelio Pérez Moreira é o director dos cursos de verán sobre Paisaxe, da Universidade de Santiago, que cada ano se celebran Guitiriz. A fotografía da Natureza e da Paisaxe é unha das actividades que desenvolveu desde sempre. A entrada para esta actividade é de balde.

Critican ao Sergas polo peche en verán do centro de saúde de Parga

O Concello critica a decisión do Sergas de pechar o consultorio de Parga en agosto e reclamará que durante ese mes se cubran as vacacións do persoal, como ocorre noutros centros de saúde.

Desde o goberno local tamén amosan o seu malestar con que a Consellería de Sanidade tomase esta decisión sen dar ningún tipo de aviso nin explicación, simplemente colocando unha nota na porta do edificio e derivando a atención a Guitiriz.

A alcaldesa sinala que “por desgraza

isto é un episodio máis da recorrente ausencia de médicos que estamos a sufrir no consultorio de Parga desde que se produciu a súa reapertura, que hai que lembrar que xa non foi total como eles prometeran”.

“Con este tipo de decisións os usuarios do centro de saúde de Parga están sufrindo un deterioro progresivo do servizo co que si contaban ata o ano 2020, o Sergas debe tomar medidas dunha vez por todas, cumprir o prometido e devolver a normalidade ao funcionamento deste centro de saúde”, destaca Morandeira.

PSOE. Pola súa banda, o Partido Socialista de Guitiriz denuncia a “continúa discriminación á que o Sergas está a someter, decisión tras decisión, aos usuarios e usuarias do consultorio de Parga que ven como cada vez se empeora o servizo”.

Os socialistas critican o recente anuncio do peche do centro de saúde no mes de agosto. “Danlle tan pouco importancia a este servizo que se limitan a colocar unha nota en papel colgada na porta, sen dar ningún aviso nin aos usuarios e usuarias nin ao Concello”, destacan.

ALUGUER DE VEHÍCULOS Vilalba

Aluguer de: **AUTOCARAVANAS**
VEHÍCULOS INDUSTRIAIS - TURISMOS

¡Non esperes para facer a viaxe dos teus soños!

☎ 722 376 219 - 664 797 776

Rúa do Acibro P48, (Pol. Ind. As Sete Pontes) 27800 Vilalba - Lugo

RESTAURANTE PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

Guitiriz prohíbe encher piscinas coa auga da traída

O Concello de Guitiriz informou aos veciños que queda prohibido encher piscinas coa auga da traída, polo escaso caudal que presentan os mananciais durante estes meses de verán. A alcaldesa, Marisol Morandeira, constatou estas restricións que xustifica porque “os mananciais baixaron moito e escasea a auga”.

Os concellos recibiron información de que a seca pode empeorar moito para a maior parte dos subministradores de auga.

Polo tanto, a alcaldesa pediu aos veciños que fagan un uso adecuado da auga por responsabilidade.

A Biblioteca, primeiro premio María Moliner

A Biblioteca Pública Municipal Casa Habanera de Guitiriz, reactivada no ano 2020, vén de conseguir o seu primeiro premio María Moliner, concedido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para distinguir ás bibliotecas de municipios de menos de 50.000 habitantes que leven a cabo "un proxecto único que inclúa as accións de animación á lectura, a eficiencia e labor bibliotecaria, a integración social na súa comunidade, así como o uso das novas tecnoloxías".

En concreto, a biblioteca foi premiada polo proxecto A Biblioteca sen parar, ao teu alcance, que recompila as case 50 actividades desenvolvidas no último ano para a promoción da lectura entre todos os sectores da sociedade. Entre todos os proxectos propo-

tos, participaron máis de 550 bibliotecas a nivel nacional, repartíronse preto de 1.100.000 euros: 360 reciben un importe individual de 2.772,22 euros e as 10 bibliotecas coas puntuacións máis altas reciben un importe de 10.000 euros. O obxectivo do Concurso de proxectos María Moliner, organizado polo Ministerio de Cultura e Deporte en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), é incentivar as accións de animación á lectura dirixidas a toda a veciñanza, con especial atención a colectivos con dificultades para o acceso á lectura, en calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma respectiva e realizadas por bibliotecas públicas de municipios con menos de 50.000 habitantes.

Convocado de novo o servizo de conciliación

O Concello de Guitiriz abriu o prazo para enviar as solicitudes para participar durante o curso escolar 2023-2024 en Guitiriz Concilia, o servizo de conciliación municipal da vida laboral e familiar dirixido a crianzas de 3 a 12 anos de idade. Esta actividade levarase a cabo no CEIP Lagostelle e hai a opción de Guitiriz Madrugador de 8 a 9:30 horas para atender aos nenos e nenas antes da entrada na escola e Guitiriz Tardes de 16 a 20 horas para o horario posterior ao colexio. A data de inicio será o luns 11 de setembro.

Estableceuse unha taxa para todo o curso, que varía segundo a modalidade que se escolla. No caso de Guitiriz Madrugador se se anotan 3 días ou máis por semana terá un custe total de 75 euros, 1 ou 2 días por semana serán 50 euros e un máximo de 3 días ao mes será de 20 euros. Para o Guitiriz Tardes, máis de 3 días por semana suporá un total de 100 euros, 1 ou 2 días por semana 75 euros e un máximo de 3 veces ao mes 35 euros. O prazo para presentar as solicitudes finaliza o 25 de agosto.

Regresa o Parga Rock o día 2 de setembro

Fiel á súa cita coa música rockeira, Parga reunirá este ano oito grupos de música no PargaRock, o festival de balde que abre a programación de setembro nesta vila de Guitiriz.

O primeiro sábado de setembro volverán a sonar as guitarras e a música rock da man de seis grupos de recoñecido prestixio.

Tropa do Carallo será a cabeza de cartel do festival. Son importantes as raíces galegas deste músico que foi membro e fundador de bandas como La Polla Records ou Gatillazo, e será a de Parga a primeira data da banda en Galicia neste 2023.

Subiranse no primeiro vagón deste tren de artistas os lucenses Barbarian Prophecies e Homonosapiens Metalpunkrock, unha banda de rock, con tintes punk e metal.

Xunto a esta estará Abaixo Cu Sistema, tributo a #systemofadown. Subirase tamén ao escenario do Parga Rock Ith Xanceda Mesía.

Collón de Lola está formado por músicos de medio mundo, das catro



provincias galegas, pero tamén de Francia e incluso Polonia. A súa especialidade é facer revivir as cancións do Xabarán Club pero cun toque rockeiro e será a encargada de facer a sesión vermú.

Co horario aínda pendente, a organización confirmou que haberá zona de acampada libre para as dúas noites do festival.

Xermolos recibe o premio As nosas músicas

A asociación A Xesteira, de Couso (A Estrada) fixo saber que a sexta edición do premio As nosas músicas foi destinado á Asociación Xermolos de Guitiriz.

Os motivos que achegan para esta distinción son: "por todos os anos de dedicación á promoción, difusión e defensa da música e da cultura galega a través do Festival de Pardiñas (que neste ano 2023 camiñará pola súa 44 edición)."

A entrega do premio, que vai a consistir nunha placa conmemorativa realizada en pedra representando a imaxe de As Nosas Músicas, vai ter lugar no marco da 26 Edición do festival As Nosas Músicas, da man de Xaneco Tubío, presidente da AGG (Asociación do baile e a música de tradición galega), na noite do 14 de agosto.

A Asociación Xermolos quere transmitir o seu agradecemento á asociación A Xesteira por esta distinción e formar parte así da listaxe de premiados e premiadas en pasadas edicións.

O Concello cede a Escola de Santa Cruz á Comunidade de Montes

O Concello de Guitiriz aprobou en pleno a cesión da Escola de Santa Cruz á Mancomunidade de Montes de Santa Cruz para fins de interese xeral da veciñanza.

O inmovible, que conta con 67 metros cadrados, está en bo estado de conservación e poderá ser empregado como local social e de ocio veciñal nas vindeiras datas.



SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA

NEUMÁTICA
HIDRÁULICA
TRANSMISIÓN
HERRAMIENTAS
ACEITES
MECANIZADOS

TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO

CUCHILLAS
MUELLES
CORREAS
RODAMIENTOS

TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS

JOHN DEERE eni
CEPSA
BCS
PETRONAS
TIMKEN BZ
DUCATI

Y PARA TU JARDÍN...

ZEPPELIN
ANOVA
DUCATI

RYS SESACAR

RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53
Pol. Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba - Lugo
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656
recambios@sesacar.com

Centos de persoas estiveron na Convivio da Cultura Galega



Centos de persoas celebraron en Outeiro o X Convivio da Cultura Galega, o encontro anual do asociacionismo cultural de base. A xornada estivo presidida polo ambiente festeiro que encheu a Carballeira de Santa Isabel desde pola mañá, onde as persoas asistentes puideron gozar coas actuacións da Banda de Música Sons e Soños acompañada pola fadista galega Iria Estévez o guitarrista portugués Artur Caldeira e a foliada, conducida por Xurxo Souto, que serviu poara poñer o colofón ao convivio.

Por décimo ano consecutivo, a Casa Museo Manuel María acolleu a xuntanza das asociacións que in-

tegran a Federación Galiza Cultura. Tamén se celebrou unha ofrenda a Manuel María e Saleta Goy no cemiterio de Outeiro.

Manuel Ansede, presidente da Fundación de Estudos Galegos Manuel María e co organizador do convivio desde a primeira edición quixo salientar a "boa acollida" desta iniciativa que "equilibra festa e cultura". Nos dous eidos aprecia unha evolución nestes dez anos "no cultural pasou de ser un lugar de intercambio de experiencias a un lugar no que xorden iniciativas de traballo conxunto; no ámbito da festa traballamos para visibilizar unha pluralidade de expresións saídas das entidades de base".

Redecinema de FalaRedes chega á vila en setembro

Presentaron o programa Redecinema, unha proposta de cine en galego ao aire libre coa que a Xunta de Galicia amplía a oferta de ocio para este verán dentro do programa de dinamización lingüística FalaRedes 2023. Ten o obxectivo de "achegarlle o cine en galego á xente e dunha maneira especial á xente nova, que se move moito máis no ámbito da cultura audiovisual; e tamén é importante que as propostas de ocio en galego estean na rúa, onde se vexan ben e

onde todo o mundo poida gozar delas".

Redecinema é un ciclo de proxeccións de filmes en galego en formato cinema de verán (ao exterior e con gran pantalla) que viaxará por 18 concellos membros da Rede de Dinamización Lingüística durante os meses de estío. O primeiro pase foi no Concello de Negreira e en Outeiro de Rei chegará con *A galiña Turuleca*, que poderá verse na praza da vila o día 22 de setembro, ás 22 horas.

Dezanove mozos fixeron prácticas en empresas por primeira vez

Do 17 ao 21 de xullo dezanove mozos e mozas de Outeiro de Rei puideron aproximarse ao mundo laboral a través da realización de estadias en varias empresas do municipio, entre as que se atoparon os zoolóxicos Avifauna e Marcelle, ademais de panaderías, empresas do sector primario e mesmo un área de servizo.

As prácticas realizadas durante cinco días en xornadas diarias de 4 horas representaron un primeiro contacto co mundo laboral, unha experiencia que foi moi valorada polos participantes e que lles permitiu coñecer o traballo diario na empresa escollida e colaborar realizando diferentes actividades.

Para completar o programa, realizouse o día 24 unha visita á Fundación CEL de Lugo onde, ademais de facer un percorrido polas instala-



cións, puideron escoitar a dúas emprendedoras que fixeron realidade o seu proxecto a través da Fundación e tamén a unha consultora de empresas a cal lles facilitou información para comezar un proxecto de emprendemento.

De regreso a Outeiro de Rei puideron poñer en práctica as súas com-

petencias dixitais na iniciativa dixital Generación D que tiña instalado un autobús na praza do Concello.

A xornada rematou no Concello de Outeiro de Rei onde o alcalde, José Pardo Lombao, mantivo un intercambio de impresións e fixo entrega dos diplomas acreditativos da participación no programa.

riotorto

Supervisan o funcionamento das casas do maior autonómicas

A Xunta de Galicia aposta por ofrecer servizos de proximidade no rural que permitan ás persoas maiores decidir onde e como vivir esta etapa das súas vidas. Así o trasladaron o delegado territorial de Lugo, Javier Arias, e o director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, Antón Acevedo, durante unha visita aos usuarios das dúas casas do maior de Riotorto.

Arias destacou que estes centros reflicten "un novo modelo de atención baseado en facilitar a continuidade dos maiores no seu fogar e na súa contorna", obxectivo ao que no último ano se sumou o programa Coidados porta a porta, e que tamén implica o reforzo de recursos

como Xantar na casa, o SAF ou a teleasistencia domiciliaria.

Lugo conta actualmente con 23 casas do maior distribuídas en 13 concellos rurais, que ofrecen prazas públicas gratuítas para un total de 115 persoas. Pola súa banda, as unidades móbiles do Coidados porta a porta atenderon na provincia máis de 19.000 consultas de podoloxía, audiología e estimulación cognitiva.

A Xunta leva a teleasistencia aos fogares de máis de 10.000 galegos e galegas en situación de dependencia, que se beneficiarán do novo equipamento avanzado no que a Consellería de Política Social inviste 11,6 millóns de euros.

O BNG demanda liñas de axudas para estudantes

O BNG pedirá a creación de liñas de axuda municipais para material escolar e para o desprazamento a centros de ensino fóra do concello de cara ao vindeiro curso. A forza nacionalista presentará a proposta no vindeiro pleno municipal, o primeiro ordinario deste mandato, que se celebrará o venres 4 de agosto.

O BNG propón establecer unha liña de axudas para material escolar para alumnado de educación infantil - excluído da convocatoria da Xunta de Galicia- e outra para gastos de desprazamento a centros educativos dirixida a alumnado de Bacharelato, formación profesional, estudos universitarios e centros ocupacionais e vinculada á renda familiar e a distancia ao lugar de estudo.

ATABERNA

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA RACIONES
HAMBURGUESAS FREZAS DE VERDAD PASTAS RAXO PATATAS
ALCO PARA COMPARTIR TAPAS

REVUELTOS FREZAS DE VERDAD ENSALADAS SABOREAR TORTILLAS
FRIBRETA COMIDA DE BARRIL ALCO PICAR
NUESTROS DELICIOSOS

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

Asesoría Enerxética Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIÓNS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

Meira presenta un completo programa para as Festas do Quince

A Comisión de Festas de Meira fixo público o programa deste ano, que se prolongará entre o sábado 12 e o xoves 17 de agosto.

As festas, na honra da Nosa Señora e San Roque, terán o seu inicio o sábado coa IV edición da Carreira popular, e unha sesión de cantos de taberna, que se desenvolverán na vila a partir das 20.00 horas. Ademais, engádesa a II Festa do Bolo Preñado a esta xornada inaugural.

O domingo 13 destaca no programa a actividade Procura das reliquias do Císter, organizada pola ACEA de Meira. Pola tarde tamén terá lugar a presentación da nova tempada do equipo de fútbol local co partido Meira-Pastoricense.

Dentro das actividades do luns, figura a saída dos cabezudos, ás 20.00 horas, que estarán acompañados da Charanga 555. Seguirá o concerto da Prebanda e da Banda Municipal para ler o pregón M. Asorey xusto antes da verbena, que estará a cargo de Kubo e Beatriz.

O martes 15 haberá pasacalles pola mañá coa Charanga 555 para dar



paso á misa, ás 13.00 horas. Tamén haberá sesión vermú, nesta ocasión ao cargo de Alianza, que tamén estará pola noite na verbena xunto a Marbella. Rematará a noite con fogos de artifício.

Ese mesmo día, durante a tarde haberá competición de 3x3 ás 18.00 horas.

O día de San Roque comezará cunha nova sesión de pasacalles e pro-

cesión ás 12.30 horas á capela de San Roque acompañada polo grupo de Gaitas de Meira e a Banda de Acordeóns local. Finalizará esta cunha misa maior ás 13.00 horas, á que seguirá a tradicional sesión vermú con Hermo, que tamén se encargará da verbena.

Pola tarde, ás 18.00 horas haberá un espectáculo de títeres e unha hora máis tarde xogos populares. A programación rematará o xoves 17 coa xira campestre no Porto da Pena na que estará La Hora Bruja en sesión vermú e haberá festa da escuma.

CONCERTO. Abraham Cupeiro ofrecerá dous concertos en Meira o próximo 10 de agosto, na igrexa de Santa María, unha actuación que servirá de entremés para as festas. Debido ao esperado do concerto, haberá dous pases, un ás 20.00 horas e outro ás 22.00 horas. Na cita musical meirense, este autor estará acompañado por Davide Salvado, Sabela Caamaño, Matthew Ward, Iba Barreiro e Margarida Mariño.



A Banda celebrou un festival e un disco os seus 20 anos de vida

A Banda de Música de Meira celebrou o día grande do seu 20 aniversario cun festival de bandas de música. Xunto a este acto, recuperaron unha actividade, a recepción das bandas diante do concello. Estas farán un pequeno pasacalles polo paseo central ata chegar ao concello onde foron recibidos polo alcalde, Antonio de Dios.

Chegaron á igrexa para comezar o concerto. Na actuación na Igrexa de Meira participaron as bandas

de Foz, Ribadeo e Meira.

Con motivo deste aniversario, a banda gravou un disco, que tamén presentou ante o seu público a fin de semana seguinte nun acto no que actuaron e cantaron Lolo Castro e Marta Macín seguindo os compases que marcou o director do grupo, Francisco Cupeiro.

Participaron na gravación "grandes cantantes, obras complexas, bailables e música que leva moita moita ilusión", explica o seu director.

concellodefriol.es

Un Paseo por el
Corazón Verde
de Galicia

CONCELLO DE
FRIOL

CAMINO DE SANTIAGO · PATRIMONIO MEDIEVAL, MEGALÍTICO Y NATURAL · TIERRAS DE QUESO Y PAN

A Xunta cede terreos e equipamentos no polígono de Muimenta

A Xunta de Galicia vén de ceder ao Concello de Cospeito unha parcela, tres viarios, dúas zonas verdes e unha peonil no parque empresarial de Muimenta, tal e como recolle a escritura que hoxe asinaron a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e o alcalde da localidade, Armando Castosa.

Tras o acto de sinatura, na que tamén estivo presente o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, a vicepresidenta segunda explicou que a superficie cedida abrangue 15.752 metros cadrados, dos que preto da metade -7.338 metros cadrados- son viarios; preto de 6.700 metros cadrados abranguen zonas verdes, e algo máis de 200 metros cadrados son unha zona peonil.

A maiores o Goberno galego tamén cede a parcela P-24, de máis de 1.500 metros cadrados, que corresponde ao 15% do aproveitamento urbanístico da Fase A.1 da ampliación desta área empresarial que, como lembrou a conselleira, supuxo un incremento de preto de 25.000 metros cadrados de superficie.

O BNG acusa ao PP de poñer atrancos á recuperación da torre de Caldaloba

O grupo provincial do BNG reclama á Xunta de Galicia que cese na súa estratexia de impedir a recuperación e posta en valor da Torre da Caldaloba, “despois de máis dun ano de obstáculos ás iniciativas impulsadas pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo”, indican.

Reproban a actuación do goberno galego nunha moción que presentará no vindeiro pleno provincial, o 26 de xullo, e na que lembra que a Xunta está a bloquear un proxecto de consolidación da Torre e o seu rexistro como propiedade pública. O BNG considera que a sucesión dos feitos este último ano constata que “a Xunta de Galicia e o Concello de Cospeito non teñen ningún interese na Torre de Caldaloba e que, ademais, queren impedir que outras administracións, que si teñen interese, o fagan”.

“Só así se explica que habendo recursos e vontade da Vicepresidencia da Deputación para realizar un proxecto de recuperación e posta

en valor deste ben patrimonial se dediquen a poñer obstáculos sen dar ningunha explicación”, expuxo a deputada e responsable de Cultura, Iria Castro, que lamentou que “o PP manobre desde Xunta de Galicia e Concello para demorar un proxecto que dinamizará cultural e economicamente o concello e a comarca, mentras segue avanzando o deterioro de edificio”.

Ante o preocupante estado de conservación da Torre “e o desleixo de Xunta”, o pasado verán a Vicepresidencia da Deputación de Lugo tomou a iniciativa para incorporar o edificio ao patrimonio público e desenvolver un proxecto de consolidación, recuperación e posta en valor do edificio, declarado BIC.

Tras chegar a un acordo coas persoas propietarias, a institución provincial adquiriu a parcela na que se ubica a metade da edificación e o sistema de fosos e contrafosos defensivos, o que supón preto de 2 hectáreas de terreo.

Chega o 19 a terceira edición do Festival Pozo Mouro de Muimenta

Tralo éxito das dúas primeiras edicións, está convocada a terceira do festival Pozomouro, organizado pola Asociación Cultural Avelino Iglesias Alvariño e que terá lugar o 19 de agosto na área recreativa Ribas do Miño, en Muimenta.

A data adiantase a edicións anteriores, que se celebraron o 31 de agosto de 2019 e o 4 de setembro de 2022. A celebración comeza todos os anos con música dende media mañá e as actividades complétanse cunha romería popular na que os participantes deberán aportar o seu xantar. Así antes do xantar está previsto a partir das 11.00 horas unha ruta pola natureza e un obradoiro de danza con Eva Quiroga, actos que culminarán coa regulamentaria sesión vermú ás 13.30 horas, un concerto de Los Tres en un Piso.

Tamén pola mañá se abrirán os postos de artesanía, que se poderán visitar ata as 20.00 horas.

Entre os actos da tarde figura unha xincana e tres obradoiros, un deles para os máis pequenos. Xaneco Tubío terá a súa actuación musical e Trécola Produccións presentará os



seus Títeres Subversivos.

Ás 20.00 horas terá lugar un recital poético con Jesús Castro Yáñez, Branca Trigo e Abraham Pérez antes de dar paso aos concertos, que arrancarán ás 21.30 horas.

Os protagonistas deste ano serán Mibuenaventura, con música de cumbia; Balklavalhau, de estilo balkan, e a música celta de Rozadura. Rematarán a noite do DJ Balskandal. A organización lembra que haberá zona de acampada de balde para os que o desexen.

a pastoriza

Bretoña acolle o sábado 26 de agosto a X Ruta do Cabalo

A Asociación Amigos do Cabalo Os de Bretoña organiza un ano máis a súa tradicional Ruta do Cabalo, que este ano será o sábado 26 de agosto na que será a X edición. Esta proba, que non ten carácter competitivo, consiste nun paseo a cabalo no que poden participar todos os que queiran sempre que se fagan responsables do seu propio animal

A programación da xornada dará comezo ás 10.00 horas coa recepción dos participantes no campo da festa de Bretoña para desfrutar dun almuerzo gratis. Ás 10.30 dará comezo a ruta, que se prolongará ata as 14.30 horas e na que se fará unha parada a media mañá para beber.

Finalizarán esta concentración ecuestre cunha comida dos participantes no propio campo da festa, comida que estará amenizada por SP, The Sound Project. Neste xantar poden participar todas as persoas que o desexen, vaian a cabalo ou non. As persoas que desexen participar poden facelo nos teléfonos 697 697 395 e no 606 394 432. O último día para anotarse é o 23 de agosto.

Sonia Villapol presentou o seu novo libro en Lugo



A doutora Sonia Villapol, natural da Bretoña, na Pastoriza, presentou en Lugo o seu libro Consciencia, a Ciencia que nos rescatou da pandemia. O acto, que tivo lugar no Vello Cárcere, contou coas intervencións da escritora Marica Campo e do profesor de ensino secundario Mario Outeiro. Este libro conta como reaccionamos e como o apoio á investigación trouxo vacinas e terapias, aflorou a esperanza e comezamos a ver a luz ao final do túnel. “A pandemia arrasou as vidas e as economías, deixounos unha socie-

dade máis vulnerable e, como herdanza, a Covid persistente. Algúns quixeron relativizar o impacto, pero outros tentamos axudar a combater o virus. A ciencia foi a táboa de salvación á que nos agarramos en momentos de incerteza e angustia; protexeunos, achegounos ao benestar e, en definitiva, foi quen nos rescatou da pandemia. Grazas ao aprendido, afrontaremos mellor os desafíos no futuro, por iso cómpre coñecer a ciencia e aplicala a consciencia”, explicou Villapol na presentación.



80 persoas participaron na sesión práctica do curso de xuíces de gando

Muimenta acolleu unha nova actividade organizada pola Confederación Nacional de Raza Frisona – Conafe e pola Federación Galega de Raza Frisoa – Fefriga, a valoración de gando da escola de Xuíces, que tivo lugar no recinto feiral Manuel Vila López de Muimenta.

Ao longo de toda a xornada, unhas corenta cabezas de gando permaneceron nas naves para que os oitenta participantes, procedentes de toda España, evaluaran dito gando.

O gando estivo durante un día e

unha vez rematada a avaliación dos aspirantes, que se realizou en xornada de mañá (vacas) e de tarde (xatas). Posteriormente, os futuros xuíces visitaron dúas granxas.

Este tipo de formacións son a base para os futuros xuíces e xuízas, pero tamén son de utilidade para todos os criadores de gando frisón, que aprenden a valorar e seleccionar os animais con criterios obxectivos, o que sen dúbida, unha vez aplicado nas súas explotacións lles vai axudar a mellorar o seu rabaño.

A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS



Mellora da conexión entre A Pastoriza e Muimenta.

A Deputación de Lugo investiu máis de 300.000 euros nas melloras da estrada provincial LU-P-4401, que conecta A Pastoriza e Muimenta pola parroquia de Reigosa.

Estes traballos consistiron na mellora do pavimento de preto de 11 quilómetros, así como na renovación da pintura de toda a estrada, o que redonda na mellora da comodidade e seguridade dos usuarios da vía.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, subliñou que esta é unha estrada "moi empregada pola veciñanza dos concellos da Pastoriza, Cospeito e Castro de Rei, pero tamén polas persoas que se desprazan pola comarca chairega".

Engadiu que esta actuación beneficia tamén aos usuarios e usuarias das instalacións deportivas ás que dá servizo, como o polideportivo e as piscinas municipais da Pastoriza ou o campo de fútbol do Acebreiro.



Máis de 17M€ na Terra Chá.

A Deputación de Lugo leva investidos nestes últimos anos máis de 17M€ en infraestruturas viarias na Terra Chá a través de varias liñas de actuación.

Dos 4.200 quilómetros da rede de estradas provinciais, a máis longa de toda España e tres veces maior ca da Xunta de Galicia na provincia, máis de 650 quilómetros percorren esta comarca, repartidos en 139 vías. Discorren polos municipios de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Meira, Muras, A Pastoriza, Pol, Vilalba e Xermade.

A institución provincial actúa nas estradas da comarca con proxectos de mellora, a través do Plan Único, cos medios propios do Parque Móbil e tamén con cargo ao Plan Provincial de Conservación de Estradas.



A DEPUTACIÓN CONTINÚA A MELLORAR A REDE VIARIA PROVINCIAL, FAVORECENDO DESTE XEITO A SEGURIDADE, O EQUILIBRIO TERRITORIAL E A CALIDADE DE VIDA DOS VECIÑOS E VECIÑAS DA PROVINCIA DE LUGO



**OBRA PÚBLICA E PRIVADA
CANTEIRA
ARENA PARA GANADO COWFORT
GESTIÓN RCD**



TEMPO DE MÚSICA

A proposta festivaleira estival do 2023

O que queda de verán concentra numerosas citas musicais na provincia

Os meses de agosto e setembro concentran o que resta de festivais de música na provincia de Lugo. Atrás quedaron outras citas obrigadas, como o FIV de Vilalba ou o Resurrection Fest de Viveiro, o primeiro encargado de abrir o tempo de festivais e o segundo como un referente internacional.

Pero aínda queda moito por celebrar. A primeira fin de semana reuniu tamén varias citas obrigadas de festivais, entre o que destaca o de **Pardiñas**, un referente na programación da provincia xa que é Festa de Interese Turístico Galego. Este ano celebrou a súa 44 edición reunindo novamente ao máis destacado do panorama folclórico e étnico. Xunto a este tamén Sarria viviu un dobrete de celebracións a primeira fin de semana. Así, arrancou o **Sarria Blues no Camiño**, que este ano tivo lugar do 3 ao 6 de agosto e que incluíu diferentes actividades, ademais dos distintos concertos.

Mentres o blues é o protagonista, a música de festa é a que caracteriza tamén ao **Verbena Fest**, que tamén en Sarria celebrou a quinta edición dunha cita imprescindible. Do 3 ao 5 de agosto de 2023, Antas de Ulla e Monterroso, acolleron unha nova edición do



Festiulloa, o Festival de Música de Cámara da Ulloa, que chega a súa 14ª edición.

Este festival de música clásica e actividades medioambientais está organizado pola asociación Quercus Sonora.

A primeira fin de semana de agosto, Barreiros rende homenaxe aos seus fillos emigrados que adoitan retornar á súa terra de orixe polo menos durante o verán. Así, no **Festival Internacional do Emigrante**, a alegría está asegurada coa queimada, os petiscos e a música de diferentes agrupacións folclóricas.

O Concello de Cerco convida a gozar do **Festival Folclórico internacional e Infantil** que se celebrou en San Cibrao, na Praza dos Campos, a primeira fin de semana de agosto da man do Grupo Folclórico Mistura.

Durante o mes de agosto as distintas localidades da Mariña acollen o **Festival Bal y Gay**, o único a nivel nacional. Enche cada ano de música en vivo de calidade, afianzando esta comarca lucense como destino cultural de referencia en Galicia e España.

A mediados de agosto destacan dúas citas xa habituais do programa anual. Un deles é o Festival **27327**, en Begonte, que se celebra no club fluvial da localidade con sesión vermú, aberto de billarda e campionato de cimbrón incluído. Outro é o **Rabafolc**, que este ano aínda non presentou o programa xa que forma parte das festas pa-



tronaís, que organiza o Concello. Na Chaira tamén destaca outra cita, o Festival **Pozo Mouro**, que combina música de diferentes tipos con outras actividades culturais.

Máis ao sur da provincia está previsto o **Trece Roeis Fest** de Pantón, que este ano acollerá a 18 grupos de música rock; ou o **Ribela Love&Nature** de Sarria, que se amplía a dous días e terá a 16 artistas no seu cartel.

Queda aínda sen confirmar se haberá **Fich Chantada**. Para rematado agosto destaca Festival **Terra Brava** do Incio coa participación de aqueles que queren poñer en valor o traballo de grupos galegos por facerse oír nun contexto no que cada vez se aposta máis pola creación musical propia.

Mención aparte merece o **Agrocuir**, unha iniciativa celebrada no rural que ten como obxectivo reivindicar a diversidade sexual e de xénero neste ámbito. Aínda non hai programa sobre a súa continuidade.

SETEMBRO. Abrirán o mes de setembro outras tres citas, o **Trementera** do Incio e o **Osa do Mar** de Burela, ao que se suma tamén o **Xara Fest** en Ribadeo.

Completan o mes outros dous festivais, o **Parga Rock**, que se celebra na parroquia de Guitiriz que lle da o nome, e o **Caudal Fest**, de Lugo, do que tamén hai xa cartel.

Pero antes de que acabe o ano Lugo completa a programación festivaleira con tres novas citas, a primeira é en outubro o **Castaño**. Ese mesmo mes terá lugar o **Festibus** e rematará o ano o **Festival de Jazz**, que se prolongará durante tres semanas na capital da provincia.



PROGRAMA

- Sarria Blues no Camiño (3-6 agosto)
- Verbena Fest Sarria. (4-5 agosto)
- Festiulloa. Monterroso (4-5 agosto)
- Pardiñas. Parga-Guitiriz (4-6 agosto)
- Festival Folclórico San Cibrao (5-6 agosto)
- Festival Folclórico do Emigrante. Barreiros (6 de agosto)
- Bay y Gay. A Mariña (todo agosto)
- 27327. Begonte. (12 agosto)
- Rabafolc. Rábade (mediados agosto)
- Trece Roeis Fest. Pantón (18-19 agosto)
- Ribela Love&Nature. Sarria (18-19 agosto)
- Fich Chantada (mediados de agosto)
- Pozo Mouro. Muimenta (19 agosto)
- Terra Brava. O Incio (25-26 agosto.)
- Agrocuir. Monterroso. Finais agosto. Sin confirmar
- Trementera. O Incio (1-2 setembro)
- Osa do Mar. Burela (1-2 setembro)
- Xara Fest. Ribadeo (2 de setembro)
- Parga Rock. Parga-Guitiriz (9 setembro)
- Caudal Fest. Lugo (15-16 setembro)
- Castañazo. Lugo (27-28 outubro)
- Festival dos Eidos. Folgoso Finais outubro
- Festibus. Lugo (14-22 outubro)
- Festival de Jazz. Lugo (4-20 novembro)



GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba

TF 982 523 649 – 982 523 601
619 41 53 56 – 650 61 12 60

ALÉN

Chega o XI Festival 27373 de música en galego

A Asociación Cultural Castiñeiro Milenario de Begonte vai celebrar a undécima edición do Festival 27373 que terá lugar o sábado 12 de agosto no Club Fluvial de Begonte.

O Festival 27373 caracterízase por ser o único festival do concello de Begonte, un dos poucos festivais cunha programación íntegra en galego, que apoia a grupos emerxentes e que nos últimos anos conta, polo menos, cun grupo integrado maioritariamente ou liderado por mulleres.

Unha aposta pola lingua e pola visibilización da muller nos escenarios. O festival está dividido en dúas partes. Polo día, a programación vai dirixida aos máis pequenos e ás familias. A partir das 13.45 horas comezará unha atractiva sesión vermú con música tradicional a cargo do cuarteto Seimeira, na que poderemos gozar, en exclusiva, das dúas cervexas oficiais do Festival 27373. Xa pola tarde, a partir das cinco, comezará o tradicional XI Aberto de Billarda coa colaboración da Asociación O Valar. Ás seis, o III campionato de serradores da Terra Chá. A partir das sete, o guitarrista Paco Cerdeiras,



ras, Pakolas, dará remate ao festival de día co seu espectáculo Rockeando con Ramona pequena, dirixido ao público familiar.

Abrindo o festival de noite, sobre as 20.30 subirá ao escenario Pauliña, unha muller reivindicativa e chea de vitalidade que fusiona rock, country ou blues. Os seguintes en subir ao escenario será o Pepe Vaamonde Grupo, un dos mellores gaiteiros do país chega ao escenario do festival, a súa gaita poñerá o torreiro patas arriba. Rematan o festival, Tecor Societário, o seu punk-folk será o remate perfecto para esta edición.

O Cercud acolle varios campamentos no verán



O Cercud de Baamonde volve acoller este ano varios grupos de máis de 100 persoas na súa zona de campamento. "Esta continua presenza de grupos numerosos evidencia o atractivo da zona e a capacidade da asociación para organizar eventos exitosos", din desde a entidade.

O GS Stoas da Coruña estivo presente no campamento os primeiros 10 días de xullo, sendo esta a súa segunda vez de participación. No ano 2014, realizaron un campamento conxunto con outro grupo de Sevilla, "o que demostra a continuidade da súa colaboración co Cercud", engaden.

Así mesmo, durante a segunda

quincena de xullo estará o GS Planeta 654 de Madrid, con 130 integrantes, "achegando aínda máis dinamismo e enriquecendo a experiencia de todos os participantes". Ademais, na primeira quincena de agosto, espérase a chegada do GS Seenee 576 de Toledo, con preto dun centenar de membros.

"A elección desta área xera unha importante actividade económica que beneficia directamente á comunidade circundante. A chegada destes grupos non só implica o desprazamento dos seus integrantes, senón tamén dos seus familiares e amigos que aproveitan a oportunidade para visitar a Terra Chá", din.

EN BREVE

PLENOS. O BNG de Begonte solicita que se retransmitan os plenos municipais a través das redes sociais porque permite "aos cidadáns poder visualizalos, ben en directo ou ben a posteriori, achegando a toma de decisións á cidadanía nun exercicio de democracia básico", salienta Pablo Ares, voceiro do BNG.

OBRAS. O Concello iniciou as obras de ampliación da rede saneamento en Bóveda, obras que están financiadas por Augas de Galicia e teñen un orzamento de 49000 euros. Os traballos teñen dous meses de prazo para executarse e a empresa adjudicataria é Hmns. Pico Yañez. Traballouse tamén na estrada que vai dende a Hermida a Donalbai, a estrada de Baldomar o campo de fútbol de Saavedra, e o núcleo de Baldomar.

PRAIA. Continúa a actividade Domingos á praia que comezou en xuño. Para participar é necesario inscribirse a semana anterior a cada viaxe, que ten un prezo de 3 euros. En agosto o programa estableceu a primeira visita o domingo 6 á de Covas, en Viveiro, seguida das de Riazor, Cabanas e rematarán en Foz.

ABIERTO PLAZO DE MATRICULA | **CURSO 23/24**

HEIKO

ESCUELA MUSICAL-CREATIVA
MÚSICA PARA PEQUEÑOS Y MAYORES

MÉTODO MUSICAEDUCA:
APRENDER DIVIRTIÉNDOSE
Único centro autorizado en Lugo

- Estimulación musical temprana de 10 meses a 4 años.
- Iniciación musical de 5 a 8 años (grupos de violín, piano, guitarra y percusión).
- Formación musical desde 9 a 100 años con metodologías activas e innovadoras en clases individuales y colectivas.
- Batería, canto, piano, violín, violonchelo, guitarra, bajo, gaita, pandereta...

Clases de refuerzo y preparación para las pruebas de acceso al conservatorio.

¡PREGÚNTANOS SIN COMPROMISO!!!



MÚSICAEDUCA

DESDE LOS 10 MESES HASTA LOS 100 AÑOS
Música - Baile - Batucada - Robótica - Teatro y... ¡mucho más!!!

Infórmate de días y horarios en nuestras redes sociales
heiko@musicaeduca.es
+info 687 582 559

[@heikolugo](https://www.facebook.com/heikolugo)
[@heikolugo](https://www.instagram.com/heikolugo)

Augas Férreas, Estrada da Granxa, 27-29 bajo

Os dous colexios do concello terán servizo de Madrugadores

O Concello de Castro de Rei porá en marcha o servizo de madrugadores este curso nos dous centros da localidade, o de Ramón Falcón, na capitalidade, e no Veleiro Do campo, en Castro Ribeiras de Lea. O servizo de Madrugadores consiste na ampliación do horario de apertura, durante todos os días lectivos no centro escolar. O período de execución das actividades de madrugadores iniciárase o primeiro día 11 de setembro ata o último día lectivo do mes de xuño (o servizo estará supeditado ao servizo lectivo). As

actividades de madrugadores están destinadas a nenos e nenas matriculados nese centro cuxas idades estean comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Realizarase de luns a venres, excepto en días non lectivos e o horario será de 8.00 a 9.15 no Ramón Falcón e de 7.30 a 9.15 no Veleiro do Campo. Atenderase aos pequenos facilitando o almuerzo que podan traer da casa. A data de inscrición está aberta ata o 4 de setembro e esta debe facerse na páxina web do concello, na sede electrónica.

Arranca o segundo Certame de Teatro Aficionado

Debido ao éxito do pasado ano, Os Baluros celebra en Castro de Rei o segundo Certame de Teatro Aficionado que arrancou o sábado 29. As representacións terán lugar os sábados ás 21.00 horas no centro cultural Xosé Manuel Carballo.

O certame deu comenzo cunha presentación, ás 20.30 horas, a cargo de Os Baluros, para continuar coa representación de *O Muro*, a cargo de grupo de teatro Trípede de Alfoz. As representacións continuaron o día 5 de agosto *ODT-TIVE*, do grupo de teatro O Torques, de Burela; e o 12 será a vez de *Para o amor nunca é tarde*, do grupo de teatro da asociación Abrente das Nogais. Remata-



rán o ciclo o 19 de agosto coa obra *Ao carón das palabras*, de Metátese Teatro. En todas as representacións a entrada será libre ata completar o aforo.

Regresa a Malla de Castro de Rei logo de tres anos sen celebrarse

Castro de Rei recupera este ano a popular Festa da Malla logo de tres anos sen celebrarse pola pandemia da covid. Precisamente este ano cumprírase a edición número XX.

Como sempre, a festa dividírase en tres xornadas. A primeira, a sega, tivo lugar o sábado 22 de xullo na finca de Gulpilleiras, onde se traballou en 4.000 metros cadrados. A seguinte xornada terá lugar o 13 de agosto coa meda que dará comezo ás 11.00 horas no campo da feira de Castro de Rei coincidindo coa feira quincenal.

Para rematar, o domingo, 20 de agosto, regresa a malla, día principal da festa, que comezará ás 10.00 horas no campo da feira. Ao mediodía será o xantar popular amenizado por un dúo musical. Novamente a organización preparará, como en anos anteriores, uns tickets para mercar os intere-



sados en sumarse á comida, que estarán dispoñibles para a súa compra desde o 22 de xullo ata o 17 de agosto no Supermercado Claudio, Germán Naval Lage e Librería Maduca.

O menú do xantar da Malla está composto por empanada, cachola, chourizo, sardiñas, marmelo, queixo, pan, bebida e café e o

prezo da tarxeta será de 18 euros. Un ano máis esta festividade está organizada pola Asociación Amigos da Feira, que leva 20 edicións ocupándose desta festa coa que se intenta recuperar unha tradición agraria da zona.

As previsións estiman unha participación de 600 persoas, que é o número habitual das últimas citas.

Volve a Santa Leocadia a Festa do Emigrante

A parroquia de Santa Leocadia celebrará novamente a Festa do Emigrante o día 10 de agosto no campo da Barxa. A festa ten como centro condutor o xantar popular que se celebrará no propio campo. Os interesados en participar nesta comida, que terá prezos populares, deberán reservar mesa no teléfono 621 339 467

antes do venres anterior. Haberá churrasco de porco, xamón cocido e de sobremesa cañas, tarta de amendoas e tarta de Santiago. Os que queiran poden levar a súa propia comida.

Antes do xantar está prevista unha sesión vermú a cargo da solista Verónica Cambón, que tamén amenizará a tarde ata as 22.00 horas.



BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Husqvarna Reciproc y Jardín CARLOS

Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com



constru fer

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200





AMINA
CENTRO DE INTERPRETACIÓN

O CENTRO ESTÁ DESTINADO Á HISTORIA MINEIRA DAS PONTES

Nace coa vocación de ser un espazo vivo no que os contidos irán cambiando ao longo do tempo



O espazo, posto en marcha coa colaboración da Asociación de Estudos Históricos e Sociais Hume, responsable da elaboración dos contidos expositivos, está situado na **antiga Casa da Enerxía** e alberga unha mostra sobre a historia industrial das Pontes vinculada á mina de lignito pardo.

Así, a través de contidos gráficos, audiovisuais e paneis interpretativos cedidos por Endesa, o público asistente poderá afondar en aspectos relacionados coa formación do xacemento mineiro pontés e as súas características xeolóxicas.

No centro de interpretación "A Mina" as persoas visitantes poderán coñecer os fitos máis importantes da historia do complexo eléctrico-mineiro das Pontes, desde o descubrimento de carbón nas Pontes ata o fin da actividade mineira, pasando pola construción da central térmica.

Hai tamén unha sala destinada ás curiosidades, tanto sobre o complexo eléctrico mineiro como sobre a enerxía, con contidos especificamente deseñados para o público infantil co obxectivo de que se acheguen á historia da vila, da industria e da enerxía dunha forma amena e divertida.

As persoas visitantes poderán achegarse ás primeiras actividades extractivas realizadas na mina das Pontes pola Empresa Nacional Calvo Sotelo (ENCASO), na década dos anos 50, e poderán coñecer o día a día do xacemento a través da testemuña dos seus protagonistas.

Ou collecer a **década dos anos 70**, momento no que o Instituto Nacional de Industria decide reorganizar os seus activos e transfere o complexo eléctrico mineiro das Pontes á Empresa Nacional de Electricidade Endesa, comezando unha nova etapa da historia industrial do municipio.

Ocupa un lugar destacado a información relativa aos procesos de rexeneración ambiental levados a cabo tanto no vertedoiro como no oco mineiro.

Ademais o centro de interpretación conta cunha sala multidisciplinar que está pensada para albergar todo tipo de propostas culturais, desde a presentación de revistas, á proxección de documentais ou conferencias sobre temas relacionados coa industria, a minería ou a enerxía, entre outros.

"A Mina" conta tamén cun espazo habilitado para acoller exposicións temporais. Será a exposición elaborada pola Asociación de Estudos Históricos e Sociais Hume, coa colaboración do Concello das Pontes e a Deputación da Coruña, sobre o poboado de vivendas industriais de Encaso nas Pontes (o poboado das Veigas) a encargada de abrir o calendario expositivo.

HORARIO DE VISITAS

Mércores e venres entre as 18:00 e as 20:00h.

Xoves e sábados entre as 11:00 e as 13:00h.

Domingos* mediante visitas guiadas con cita previa.


*En agosto as visitas serán todas con cita previa

Para máis información está dispoñible o teléfono:

981 453 116



**As Pontes de
García Rodríguez**



Cabreiros porá en marcha en outubro un club de lectura

Cabreiros quere iniciar un club de lectura a partir do mes de outubro para o que abriu un prazo de inscrición.

Esta iniciativa naceu nas pasadas Xornadas Interxeracionais Rurais durante a conferencia impartida polo bibliotecario local, Marcos Saavedra, que ofreceuse a organizar e impulsar un club de lectura.

O obxectivo é formar un grupo de 7 ou 8 persoas que se reunirán unha vez ao mes. Centraranse en obras doadas de ler, revistas, visualizado dalgún programa, etc... para conversar despois nas reunións.

Inicialmente reuniránse na casa escola de Cabreiros e avisarán con antelación do día das reunións.

Está aberto a todas as idades, desde nenos a maiores porque o obxectivo é que o club sexa interxeracional.

A biblioteca municipal pecha ata o día 7 de setembro

A Biblioteca Municipal de Xermade permanece pechada desde o xoves día 13 de xullo até o 7 de setembro debido ás vacacións.

As devolucións poderanse facer en calquera momento no buzón que se habilitou na porta da biblioteca ou na casa Concello de 8.30 a 14.30.

Aquelas persoas que queiran levar libros en préstamo neste período deberán contactar cos responsables do centro a través da liña de whatsapp (651 03 96 15) ou chamando ao 982 50 10 55.



Xermade volverá ter no encontro de setembro o mellor da tornería

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera, e o alcalde, Roberto García, presentaron o 23º Encontro Internacional de Torneiros da Madeira, que se celebrará do 17 ao 20 de setembro no polideportivo da localidade chairega. Un encontro que contará unha edición máis con destacados profesionais do mundo da tornería, exposicións de obras de artesanía e demostracións en vivo.

A Deputación de Lugo incrementa en máis dun 30€, ata os 9.000€ a achega económica, a través do Plan Único de Cooperación cos Concellos, para a organización desta cita coa que colabora ano tras ano. Rivera Capón destacou o compromiso da institución con este encontro "pola proxección nacional e internacional que supón non só para Xermade, senón para o conxunto da provincia", pois durante catro días "convértese no referente mundial da tornería, contribuíndo a visibilizar este oficio tradicional e demostrando cada edición que está máis vivo ca nunca".

Así mesmo, xunto á tradición, sinalou o Deputado, "estes encontros te-

ñen un compoñente moi importante na innovación, tanto no ornamental como no funcional. O uso da madeira está en auge, e nos últimos anos cada vez é maior a súa presenza en sectores como o da construción".

Este ano, tal e como se anunciou na presentación que tivo lugar na biblioteca municipal de Xermade, o encontro contará con expertos e profesionais da tornería como o inglés Stewart Furini, o francés Jean Claude Charpignon, o malagueño Francisco Boyero e o galego Lolo Castro. Así mesmo, haberá exhibicións de pezas, demostracións en vivo e puntos de venda de distintos produtos artesanais de madeira.

Rivera Capón felicitou ao alcalde polo bo traballo que está a facer o Concello de Xermade e aseverou que esta nova edición "volverá ser todo un éxito". O deputado animou aos veciños da provincia a achegarse á localidade o próximo mes de setembro e ser partícipes "dunha oportunidade única para desfrutar dun espectáculo en vivo cos mellores artistas do mundo da tornería".

Momán reclama unha solución para os problemas de cobertura

O presidente da Sociedade Recreativa Cultural de Momán, Rodrigo Feal Paz, colectivo que está integrado na Federación Provincial de Asociacións Veciñais Lucus Augusti, vén de remitir un escrito ás diferentes autoridades do Goberno Central e a Xunta no que solicita que se acometan as vías de solución necesarias para paliar "a grave deficiencia de cobertura" que os veciños e veciñas da parroquia de Momán, en Xermade, "sufrimos na actualidade".

Aseguran que hai "graves deficiencias" na recepción de TDT terrestre, das canles de televisión e das franxas horarias; problema que sofren a práctica totalidade dos veciños e veciñas da parroquia.

"Non podemos obviar, que estamos a nos referir a unha poboación de idade avanzada, e que non conta con coñecementos en tecnoloxía dixital, polo que a televisión é a súa principal fonte de información e entretemento", engade.

Leal, en representación da Sociedade Recreativa Cultural de Momán, que aglutina a 64 familias, solicita que os representantes públicos con competencia directa na materia acometan, o máis axiña posible, unha solución viable aos problemas de recepción de TDT, fundamental para a información e entretemento diarios dos veciños e veciñas da parroquia de Momán, que debido á súa idade -na maioría dos casos, avanzada-, así como ao seu escaso coñecemento e manexo das tecnoloxías dixitais, non poden acceder á información vía televisión, debido á deficiente cobertura e velocidade da internet.

Pide tamén a mellora na cobertura da internet 4G e a substitución da tecnoloxía da internet por cable de cobre por fibra óptica. "Neste sentido, solicitamos, tamén, a extensión da fibra óptica á totalidade dos veciños e veciñas, do mesmo xeito que se realizou noutros concellos", aclara.



A Deputación ultima as obras de mellora da estrada do núcleo urbano

A Deputación de Lugo ultima os traballos de renovación do asfalto dun tramo da LU-P-2201 ao seu paso polo núcleo urbano de Xermade, un proxecto no que a institución provincial inviste máis de 130.000€.

Trátase dunha vía provincial moi importante para a veciñanza de Xermade, porque conecta as parroquias de Candamil e Pedrón, pero tamén ten moita relevancia para as comunicacións da Terra Cha porque é a que dá acceso ao municipio desde Vilalba. Finalizada a limpeza de laterais, as obras de drenaxe e a pavimentación co estendido do aglomerado en

quente, o proxecto quedará completado coa sinalización horizontal da calzada co pintado da vía mediante marcas reflexivas brancas.

Con esta actuación, a Deputación suma preto de 2M€ de investimento desde o ano 2019 nas estradas do concello de Xermade. Ademais dos traballos na LU-P-2201, a institución provincial acondicionou estes anos a práctica totalidade da estrada LU-P-2204, de Momán ás Pontes, unha vía estratéxica porque vertebra esta parte da provincia. Queda un último tramo, xa adxudicado entre os puntos 8,340 e o 9,802.

Remata a obra da Escola Habanera de Roupar

Remataron as obras de mellora da Escola Habanera Roupar, local da asociación de veciños do mesmo nome. A Xunta colaborou no acondicionamento e na dotación de equipamento deste edificio emblemático que funciona como centro sociocultural por parte da entidade veciñal. A través das axudas do Plan específico de acción comunitaria dotouse de novos espazos destinados ás actividades da asociación mediante unha edificación anexa respectando o valor patrimonial.





- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade

Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24
HORAS

O Concello licita as melloras e cambio de cuberta no pavillón

O Concello de Abadín iniciou o proceso de licitación da obra de instalación de aforro e eficiencia enerxética no pavillón polideportivo municipal, mediante a substitución da cuberta actual e mellora da envolvente térmica, ademais realizarase a substitución da caldeira actual de GLP por un equipo de produción de ACS mediante enerxía aerotérmica.

As actuacións que se realizarán serán substituír a cuberta actual de chapa galvanizada por outra de maior illamento térmico mediante panel sándwich de 60mm de espesor, substituír tamén os actuais lucernarios por outros de maior calidade e eficiencia enerxética e maior aproveitamento da luz solar. Así mesmo farase a substitución da



actual caldeira de GLP por bomba de calor Aerotérmica nos vestiarios. Esta actuación supoñerá a reforma do pavillón municipal, mellorando a dotación deste espazo e o confort para a práctica deportiva. Trátase dunha actuación baseada na sus-

tentabilidade, que supoñerá un importante aforro enerxético para o Concello ao mesmo tempo que económico e ambiental.

Tamén se inclúen varias melloras para o centro deportivo que consistirán na limpeza e pintado.

Adamo instala Internet de alta velocidade

A fibra óptica é de vital importancia en calquera lugar. Pero máis aínda, se cabe, en localidades pequenas, rurais e que levan décadas loitando contra o despoboamento. É o caso de Abadín, que acumula busca, con esta tecnoloxía, un cambio de tendencia na caída poboacional. Conscientes desa especial necesidade, desde Adamo trabállase desde hai semanas neste concello lucense. Os esforzos xa dan resultados, debido a que 155 familias de Abadín acaban de acceder a Internet ultrarrápido, de ata 1.000 Mb, que xa teñen á súa disposición.

Así llo trasladou David Llano, responsable do operador en Galicia, ao equipo de Goberno do concello,

a cuxos membros explicou os detalles sobre o novo equipamento nun encontro celebrado esta mesma semana. O alcalde, José María López Rancaño, ademais de celebrar o aceso da fibra óptica, está a impulsar o desenvolvemento da infraestrutura tanto concedendo os permisos con axilidade como facilitando o labor dos técnicos.

Co obxectivo precisamente de dotar de conexión de calidade aos sitios máis apartados, Adamo dispón dunha práctica ferramenta: Ola, veciño! Trátase dun formulario que se pode encher na web da empresa e que permite a Adamo avisar ao interesado en canto a fibra chegue ao seu fogar.

Sae a concurso o proxecto para cubrir a pista de pádel de Gontán

A Secretaría Xeral para o deporte, deu o visto bo ao proxecto de execución da cuberta da pista de pádel de Gontán, situada nesta área recreativa. Tras este proceso, o Concello vén de sacar a concurso o contrato para a execución desta obra. O proxecto de execución ten un orzamento de 74.742 euros. Para iso recibirá unha axuda partida do capítulo destinado a xogos infantís e zonas deportivas da Xunta de Galicia de 50.000 euros.

A actuación pretendida suporá a reforma da pista de pádel municipal,

mellorando a dotación deste espazo mediante a execución dunha cuberta mediante estrutura metálica de perfís laminados, independente e rematada en cor azul. Sobre a estrutura de cuberta dispórase de cubrición mediante chapa sándwich de 30 mm de espesor a dúas augas con pendente do 10%. Terminado en cor branco roto.

Como peches laterais dispórase de faldóns de tela microperforada desde a cuberta ata o peche perimetral existente na actualidade. A cor da tela microperforada será tamén de

cor branco roto para cumprir as indicacións da resolución da Consellería de Cultura e Turismo.

A pista de pádel leva feita dende o mes de febreiro de 2017. Está dotada de sistema de iluminación, pavimentación e cerramento lateral, contando así mesmo con peches perimetrais realizados con translúcidos suxeitados mediante unha estrutura metálica. O prazo de execución é de dous meses.

CAMIÑOS. Tamén licitaron o proxecto para diferentes actuacións



de protección do ambiente e do espazo natural nas parroquias da Graña de Vilarente, Labrada, Moncelos, Montouto, Quende e Seivane de Vilarente a cargo do Fondo de Compensación Ambiental, concretamente en nove camiños.

As actuacións propostas pretenden subsanar varias deficiencias detec-

tadas na xestión medioambiental do municipio, mellorando unha parte da rede de comunicacións municipais, necesaria para manter os servizos públicos conectados e facilitando o acceso aos diversos puntos de interese medioambiental que se atopan pola zona de actuación.

FESTAS DO QUINCE

NA HONRA Á NOSA SEÑORA E SAN ROQUE

SÁBADO 12

IV Carreira Popular Vila de Meira
Cantos de taberna
II Festa do Bolo preñado

DOMINGO 13

17:00 Procura das reliquias do Císter organizado pola ACEA de Meira
18:30 Presentación da temporada 2023/2024: MEIRA FC - UD PASTORICENSE

LUNS 14

20:00 Saída das cabezudas acompañadas da charanga 555
21:00 Concerto da Prebenda e da Banda Municipal
22:00 Pregón a cargo de M. Asorey
Verbena con **KUBO e BEATRIZ**

MARTES 15

10:00 Pasarrúas coa charanga 555
13:00 Misa solemne e procesión
Sesión vermá con **ALIANZA**
18:00 3X3
Verbena con **MARBELLA - ALIANZA**
00:30 Sesión de fogos artificiais

MÉRCORES 16

10:00 Pasarrúas coa charanga 555
12:30 Procesión ata a capela de S. Roque acompañada do grupo de gaitas e acordeóns de Meira
13:00 Misa na capela de S. Roque
Espectáculo de floras de 18:00 e xogos populares de 19:00
Sesión vermá e verbena con **(H)ERME**

XOVES 17

Xira campestre na Perto da Pena
Sesión vermá con **LA HORA BRUJA**
Festa da Espuma

14, 15, 16 e 17 de AGOSTO

FESTAS DO QUINCE

DEPUTACIÓN

Constitución do novo Goberno provincial

Tomé Roca presentou na Sala de Xuntas do Pazo de San Marcos a estrutura do novo Goberno provincial, así como a organización que rexerá o funcionamento orgánico da institución provincial neste mandato 2023-2027. Uns asuntos que, previsiblemente, serán ratificados polo Pleno extraordinario que se celebrará esta mesma mañá, tras ser consensuados polos tres grupos políticos da Corporación.

José Tomé Roca anunciou que ademais das funcións propias da Presidencia (dirixir o Goberno e a Administración, representar á Deputación Provincial de Lugo e presidir todas as comisións, sesións, xuntas de goberno ou plenos, entre outras), continuará dirixindo a área de Xestión Territorial, que inclúe as materias de Vías e Obras, Parque Móbil e Unidade de Proxectos, dentro do seu “compromiso prioritario” coa mellora da mobilidade e do equilibrio territorial.

A Xunta de Goberno seguirá estando formada por 9 deputados. Ademais de pola súa persoa, integrarán este órgano: Efrén Castro Caloto, Pilar García Porto, Pablo Rivera Capón, Mayra García Bermúdez, Miguel Fernández Méndez, Xosé María Arias Fernández, Iván Castro Díaz e Daniel García Fernández.

Crearanse dúas Comisións Informativas, coma no anterior mandato: a Comisión Xeral de Asuntos do Pleno e a de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, que presidirá o Presidente e terán 3 integrantes do grupo provincial do PSOE, 3 do PP e 1 do BNG. Por

outra banda, mantense a periodicidade e a hora das sesións ordinarias do Pleno –os últimos martes de mes, ás 11:00h- e das Xuntas de Goberno –o venres de cada semana, ás 11.00h-.

ÁREAS DE GOBERNO

- Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo. Pilar García Porto. Tamén continuará como voceira socialista.
- Promoción Económica e Social. Pablo Rivera Capón.
- Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas. Mayra García Bermúdez.
- Cooperación e Asistencia aos Concellos. Xosé María Arias.
- Participación Cidadá. Iván Castro Díaz.
- Muller e Igualdade. Marisol Morandeira Morandeira.
- Formación, Ensino e Economía do Coñecemento. Miguel Fernández Méndez.
- Medio Ambiente. Carlos López López.
- Recursos Sostibles. Francisco Cajoto Caserío.
- Deportes, Artesanía e Deseño, e Memoria Histórica. Efrén Castro Caloto, Vicepresidente.
- Medio Rural, Mar e Mocidade. Daniel García Fernández
- Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística. Iria Castro Fernández.

A Deputación proporcionará gratis ferramentas tecnolóxicas

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou un convenio de colaboración cos 52 alcaldes e alcaldesas da provincia que decidiron sumarse ao Impulsa TIC, un novo proxecto da institución provincial a través do que proporcionará gratis ferramentas tecnolóxicas ás entidades locais para avanzar na súa modernización e transformación dixital. Para elo, conta con 4,5 millóns de euros que conseguiu do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia que o Goberno central ten en marcha cos fondos que logrou da Unión Europea para facer fronte ós efectos da pandemia e modernizar a economía do país.

En presenza dos responsables municipais que decidiron sumarse ao Impulsa TIC e do deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, o presidente explicou que a de Lugo sitúase á cabeza das institucións provinciais de toda España que recibiron máis fondos desta liña de axudas convocada polo Ministerio de Política Territorial, xunto ás de Barcelona, Valencia e Sevilla, “o que dá boa conta do nivel e da calidade da candidatura que presentamos”.

Este programa estivo aberto a todos os municipios da provincia de menos de 20.000 habitantes e puxo en valor que participasen, finalmente, preto do 80% dos concellos que podían facelo.

Tomé Roca, quen enmarcou esta iniciativa no seu compromiso de consolidar a cooperación cos concellos neste mandato, subliñou que as administracións gañarán “cercanía, axi-



lidade e transparencia” cos servizos e equipamentos que a Deputación lles facilitará atendendo ás súas necesidades específicas e con criterios obxectivos. Puxo como exemplo a axilización de trámites á cidadanía, como a presentación de documentos por Rexistro, a instalación de sistemas para a gravación dos plenos ou a mellora da accesibilidade das páxinas webs municipais.

Apuntou que “tendo en conta a autonomía municipal, os concellos manifestaron xa cal é a súa situación particular en materia dixital, cal é o seu punto de partida e as súas prioridades, para agora proporcionarlles os recursos máis axeitados a esas necesidades específicas, que distribuiremos dun xeito moi semellante a como o facemos co Plan Único, é dicir, en base a criterios obxectivos”, destacou Tomé Roca, quen engadiu que desta forma “garantimos unha xestión eficaz e transparente dos fondos europeos que recibimos”.

Concretamente, os concellos da adheridos son: Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Castroverde,

Cervantes, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Monforte de Lemos, Monterroso, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Outrol, Pantón, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, Pobra do Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Vilalba, Viveiro, Xermade e Xove.

O responsable da sección de Novas Tecnoloxías da Deputación, Nicolás Fariña, explicou brevemente as liñas técnicas sobre a funcionalidade destes fondos e a folla de ruta que seguirá da man dos concellos para desenvolver os proxectos e avanzar na transformación e modernización dixital dos concellos. Nese sentido, avanzou que, xa firmados os convenios, durante o mes de outubro deste ano abrirase un período para que a Deputación licite o subproxecto de cada concello, coa finalidade de poder comezar coa implantación antes de final de ano.

Homenaxe a gandeiros xubilados

Os gandeiros e gandeiras da provincia que cesaron a súa actividade o ano pasado por xubilación foron homenaxeados nun acto organizado pola Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto de Rubia Galega, Acruga. Na cita, que se celebrou no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, Francisco Cajoto aproveitou para poñer en valor o traballo dos gandeiros e destacar como “unha das prioridades” da Deputación o sector agrogandeiro, no marco do seu compromiso cos sectores produtivos en xeral.

“É unha satisfacción que precisamente un dos primeiros actos institucionais nos que teño a oportunidade de participar en representación da



Deputación de Lugo, como responsable da área de Recursos Sostibles, sexa cos gandeiros de Acruga e que sexa nun encontro tan importante coma este, no que recoñecemos o enorme traballo de persoas sen as

que o sector gandeiro da nosa provincia e a propia provincia en si non sería o que é hoxe”, asegurou. Xunto ao deputado participaron o presidente de Acruga, César Dorado e a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez.

110.000 euros para asociacións das Reservas da Biosfera

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a listaxe provisional dos 37 beneficiarios da liña de axudas en réxime de concorrencia competitiva que convoca a institución provincial por un importe de 110.000€ para entidades sen ánimo de lucro asentadas ou que teñen o seu ámbito de actuación nas Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, sinalou que nesta terceira edición do programa de subvencións, “que implantamos no pasado mandato, decidimos po-

tencialo subindo o orzamento nun 30%, ata os 110.000€, polo bo resultado que tivo nestes anos, o que nos permitirá desenvolver máis proxectos de dinamización das Reservas da Biosfera”.

Estas axudas teñen por finalidade apoiar proxectos vinculados ao medio ambiente e o rural que poñan en valor o patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios, e forman parte da estratexia que promoven dende a institución provincial para favorecer o coidado das Reservas da Biosfera e, ao mesmo tempo, impulsar o seu desenvolvemento económico.

TERRA CHÁ

A CHMS limpa varios ríos nos concellos de Pol e A Pastoriza

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), Organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, continúa traballando na limpeza de leitos e marxes dos ríos de Lugo. Estas actuacións están incluídas na conservación do Dominio Público Hidráulico (DPH) dos ríos da Demarcación Miño-Sil para 2023. O caudal dos ríos no verán permite traballar con seguridade e por iso intensificáronse os traballos con catro brigadas para a provincia de Lugo, desprazadas aos ríos Cinsa, en Monforte de Lemos; Cabe nos municipios

de Morforte, Pantón e Sober; río Pol en Pol; e nos ríos Úbeda e Das Quintas ao seu paso pola Pastoriza.

Estas actuacións teñen como obxectivo garantir a continuidade fluvial dos leitos e para iso realízanse traballos de roza selectiva de matogueira perimetral, poda e clarexo de ramas baixas e curta sanitaria de pés secos para evitar tapóns nas infraestruturas de paso.

En puntos concretos que así o requiren, procédese á estabilización de marxes e loita contra especies invasoras que poidan afectar o estado das masas de auga. Ademais, procé-

dese á retirada de residuos sólidos urbanos presentes, sobre todo, en tramos urbanos.

Previo ao comezo da execución, os traballos foron notificados á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda e incorporáronse ás memorias todas aquelas recomendacións ou condicionantes adicionais que chegaron para a correcta execución dos traballos en zonas con algunha figura de protección. “Queremos traballar con seguridade e sempre en beneficio do medio ambiente”, explicou José Antonio Quiroga, presidente do Organismo de conca.

Revisan a concentración parcelaria

O conselleiro do Medio Rural, José González, acompañado pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, visitou as tres novas concentracións parcelarias decretadas no concello de Cospeito e a nova parcelaria decretada no municipio de Castro de Rei. Así, estas catro novas concentracións supoñen a reorganización de algo máis de 2.300 hectáreas de terreo que permitirán paliar o minifundismo.

No caso concreto de Cospeito, decretáronse tres novas concentracións: a de Lamas, a de Roás e a de Arcillá-Bestar-Vilar-Sisoi. Nestas concentracións parcelarias agrúpanse preto de 1.800 hectáreas de terreo distribuídas en case 6.900 parcelas de 1.188 propietarios.

Doutra banda, no concello lindeiro de Castro de Rei, a nova parcelaria



de Viladonga conta cunha superficie de 575 hectáreas e está agrupada en 804 predios pertencentes a un total de 173 veciños. Con esta nova concentración, este concello lucense suma un total de 12 parcelarias, das cales 10 están xa rematadas.

A concentración parcelaria é unha

norma que entrou en vigor no ano 2021 e coa que se levan mobilizadas arredor de 10.000 hectáreas de terreo, mediante diversos mecanismos de agrupación voluntarios, entre os que destacan os polígonos agroforestais, as aldeas modelo e as permutas de especial interese agrario.

Comezan as obras de mellora do firme na estrada Abadín-Cospeito

Veñen de comezar as obras de mellora do firme na estrada autonómica LU-121, no treito que comunica os municipios de Abadín e de Cospeito. Esta actuación forma parte do contrato previsto en 4 estradas ao seu paso polas comarcas de Lugo e da Terra Chá, cun investimento de máis de 3,4 M€.

O obxectivo é rehabilitar o firme en varios treitos das estradas LU-111, LU-121, LU-120 e LU-113, nos municipios de Rábade, Abadín, Vilalba, Begonte, Castro de Rei, Cospeito e A Pastoriza.

Os traballos comezaron pola estrada LU-121, onde se actuará no tramo de máis de 3,7 quilómetros entre o punto 0 ao 3+700, en Vilal-

ba, Cospeito e Abadín.

As intervencións obxecto deste contrato inclúen ademais a rehabilitación do firme na LU-111, do punto quilométrico 0 ao 12+910 e do 13+980 ao 18+420, nos concellos de Rábade, Begonte, Cospeito e Vilalba.

Tamén se intervirá na LU-120 para a mellora do o firme desde o quilómetro 0+000 ao 30+390, que discorre polos municipios de Vilalba, Cospeito, Abadín, Castro de Rei e A Pastoriza.

Estas actuacións completáronse cos mesmos traballos na LU-113, desde o punto quilométrico 0+000 ao 6+000, nos concellos de Castro de Rei, Cospeito e Abadín.

O BNG reclama mellor atención pediátrica en tres concellos

A deputada do BNG, Carme Aira levou de novo ao Parlamento galego as deficiencias da Atención Primaria na provincia de Lugo e concretamente ás dos consultorios de Castro en Carballedo, Baamonde, Castro de Rei e Parga pechados así como a falta de facultativos en Castro Riberas de Lea, Baleira, Pantón e de pediatría en Vilalba, Monterroso ou Monforte.

Por outra banda, dixo, os 3 concellos afectados, Cospeito, Castro de Rei e Outeiro de Rei, están a 30 e 11

km de distancia da capital da provincia, e contan con 5.000 habitantes e cunha importante redución da poboación que conleva a perda de financiamento, polo que “colocarse por riba dos 5.000 habitantes pode ser vital para eles”, e o feito de non ter un servizo normalizado de pediatría condiciona ás familias á hora de empadroarse. De feito, moitas delas, recoñecen que non se atreven a deixar Lugo para ter garantida a asistencia pediátrica por parte dun especialista.

RÁBADE
FESTAS DE VERÁN 2023

11 AGOSTO
XXVII RABAFOLC
OSCAR IBAÑEZ & TRIBO
TNT TANTO NOS TEN

12 AGOSTO
XXIII DÍA DA BICICLETA
ORQUESTA COMPOSTELA
DISCO MÓVIL ZONA O
SESIÓN FOGOS DE ARTIFICIO

13 AGOSTO
FESTA DO RÍO
CONCERTO DE BANDAS
XXI ESBATUXADA POLO RÍO
LA FÓRMULA
GRUPO ALBA

14 AGOSTO
CLAXXON
GRUPO MASTER

15 AGOSTO
IV EDICIÓN “SUBIDÓN DOS AVÓS”
XVII DESCARGA PIROTÉCNICA
ORQUESTA TRÉBOL
SESIÓN FOGOS DE ARTIFICIO

Organiza: Concello de Rábade

As marabillas que agocha a provincia

O atractivo débese á variedade de paisaxes para conectar coa natureza e coñecer paraxes

A provincia de Lugo destaca por contar cunha inmesa sintonía pola natureza, combinando as súas paisaxes ás maneiras de vivir.

Así, o mar, as montañas e os vales do interior proporcionan unha imaxe de contrastes que fixo que os lucenses modelaran o seu carácter, as súas actividades e mesmo a súa forma de contemplar o mundo.

Unha mostra desta perfecta simbiose constitúena as Reservas da Biosfera declaradas pola UNESCO, cuxa extensión abarca máis do 55% do territorio e que converten a Lugo nun referente internacional. É aquí onde as paisaxes da auga, nas que os protagonistas adoitan ser o río Miño, o Eo ou o Navia, condicionan o resto da xeografía.

En Lugo tamén atopamos a maior superficie de Galicia protexida ao abeiro da Rede Natura 2000, a máis importante rede de espazos natu-

rais protexidos a nivel europeo.

Dentro dos espazos protexidos da provincia sobresaen tamén Monumentos Naturais como o Souto da Retorta en Viveiro, que acolle os maiores eucaliptos de Europa; o pregamento sinclinal de Campodolla-Leixazós en Quiroga, escenario idóneo para a práctica do xeoturismo e outras formacións de gran singularidade e beleza como a praia das Catedrais, un referente do turismo galego e considerada entre as mellores do mundo.

E é precisamente o litoral cantábrico o escenario onde a arquitectura do mar se desfruta en todo o seu esplendor e neste espazo, as formas dos cantís forman o carácter dunha costa salpicada polos recunchos xeolóxicos, as rías altas, os cabos e as máis de 50 praias que constitúen un sitio marabilloso para o coñecemento da biodiversidade costeira e o patrimonio marítimo, así como a práctica de deportes náuticos.

FERVENZAS

A oferta turística de espazos naturais da provincia complementáanse coas fervezas, que se conciben como lugares idóneos para adentrarse na natureza en silencio e, simplemente, deixarse levar polo son da auga.

Algunhas das fervezas máis emblemáticas son o **Pozo da Ferida**, entre os Viveiro e Xove; ou a das **Fragas do Ermo** en Barreiros, lugar cun potente significado máxico-relixioso. No interior pero moi preto da costa destacan a ferveza do **Pozo da Onza** no Valadouro, a ferveza do **Escouridal** en Alfoz, o **Salto do Coro**, en Mondoñedo e a ferveza do **río Xestosa** en Ourel.

Xa no interior da provincia pódense admirar a seimeira de **Vilagocende**, na Fonsagrada, espectacular salto de auga de 50 metros de altura; as fervezas da **Marronda**; a ferveza de **Auga Caída** en Pantón, que verte as súas augas no Miño ou a ferveza de **Vieiros** no Courel, situada nas proximidades da Seara e de camiño á lagoa de Lucenza, en pleno sendeiro PR- G 184.

LAGOAS

Lugo conta con 340 humidais inventariados ou recoñecidos o que fai que sexa o 40% da superficie total que existe na comunidade galega destes espazos.

Neste tipo de formacións húmidas destacan as da Terra Chá pois acolle un importante número delas e que ademais forman parte dun refuxio preferente para aves migratorias en época invernal.

Así, as **lagoas de Cospeito, Caque, Santa Cristina, a lagoa do Rei** ou a



de Riocaldo de Begonte son só algúns exemplos onde a conservación dos espazos naturais foi compatible cos usos agrícolas e turísticos do territorio.

Outras lagoas de gran relevancia son a de **Fonmiñá**, situada no municipio da Pastoriza e considerada por tradición un dos nacementos do Miño ou a lagoa de Lucenza no Courel, singular pola súa orixe glacial e polos seus máis de 16.000 anos de antigüidade.

Para coñecer máis de preto estes espazos naturais, recoméndase seguir as rutas de sendeirismo que a Federación Galega de Montañismo homologou nas súas contornas.

COVAS

Outro anaco de paisaxes que non se pode esquecer son as covas ou cavidades. Nela destaca á do **Rei Cinto-lo en Mondoñedo** que ten máis de 6000 metros explorados e presume de ser a máis grande de Galicia así como é un dos seus grandes proxios xeolóxicos.

A cova é un importante refuxio de morcegos e escenario de lendas populares que falan dunha princesa prisioneira atrapada na cova polo feitizo dun bruxo.

O concello de Mondoñedo organiza desde a súa oficina de turismo visitas guiadas á cova acompañadas por un espeleólogo profesional. Igualmente, nas proximidades da cova atópase o centro de interpre-

tación da Prehistoria, onde se pode profundar no coñecemento dos aspectos históricos, arqueolóxicos, etnográficos e naturais de Mondoñedo.

Por outra banda, e a centos de quilómetros atópase a Buraca das Choias, no municipio da Pobra do Brollón. Trátase dunha cavidade de orixe natural que foi aproveitada polos romanos para a extracción de ferro entre os séculos I a III.

A **Buraca das Choias** debe o seu nome ao feito de estar habitada no pasado por unha bandada de chovas de pico vermello. Actualmente, a cova é refuxio dunha importante colonia de morcegos, podendo tamén atopar nela reliquias botánicas como o *Schistostega pennata*, un musgo luminiscente cuxa presenza se documentou aquí por vez primeira en España e que só se atopa en contados lugares da Península Ibérica, atopándose incluído na lista vermella de especies en perigo. Durante os meses de verán o Concello da Pobra do Brollón organiza visitas guiadas á cova para grupos reducidos, debendo efectuarse previamente a reserva no teléfono 666 435 832.

CASTROS

Os castros son poboados próximos a áreas de gran actividade agrícola ou mineira que están fortificados mediante murallas e foxos presentando planta circular e unha locali-



zación estratéxica que reforza o seu carácter defensivo. Na zona da Terra Chá destaca o de **Viladonga** situado en Castro de Rei, e constitúe o prototipo de asentamento castrexo do interior de Galicia. Os principais restos achados nas escavacións expóñense no seu museo arqueolóxico.

Na Mariña está o **Castro de Fazouro** en Foz que é o único escavado no litoral cantábrico. Foi habitado entre os séculos I e III d. C. Actualmente só se conserva da súa estrutura orixinal un conxunto de nove construcións, xa que a erosión mariña provocou a desaparición dunha parte considerable do conxunto orixinal.

Xa cara o interior está o de **Zoñán** en Mondoñedo que se caracteriza por ser o primeiro castro escavado en Galicia no ano 1867, traballos que non se retomarian ata o ano 2002. Datado entre os séculos I e V d.C, presenta diferentes estruturas entre as que se encontran vivendas, pequenas rúas que as comunican e eiras nun moi bo estado de conservación.

Xa cara o centro da provincia está o de **Castromaior** en Portomarín, xunto ao Camiño de Santiago, e está considerado un dos castros máis relevantes da Idade do Ferro no Noroeste peninsular. O conxunto destaca pola súa monumentalidade, contando cun recinto principal e outros cinco secundarios que o prolongan cara ao leste e o oeste.

Cara o sur da provincia pódense atopar o **Castro Candaz**, en Chantada, un peculiar castro datado de época romana atópase parte do ano mergullado baixo as augas do encoro de Belesar. O **Castro de Fión** na parroquia de Arxeriz, no municipio do Saviñao, sobre un espolón rochoso con vistas ao mítico meandro do Cabo do Mundo, no río Miño, e a outros castros situados na zona.

No municipio de Paradela está o **Castro de Barán** que está formado por dúas terrazas, unha croa e un foxo. Destaca o seu estudado plan urbano e a súa contorna, nas inmediacións dun frondoso souto de castiñeiros.

Nos municipios da montaña lucense existen numerosos asentamentos utilizados para albergar aos traballadores das explotacións aurí-



feras romanas. É o caso do castro de **San Lourenzo** da Cereixa, na Pobra do Brollón e o **castro de Santa María de Cervantes**, reutilizados como necrópoles medievais, ou os **castros de Vilar A Torre**, no Courel.

CÍRCULOS LÍTICOS

En diferentes puntos da xeografía da provincia existen círculos líticos ou cromeleques, que son estruturas construídas con grandes pedras dispostas en forma circular. Algúns dos exemplos máis destacados hoxe en día sitúanse en Barreiros, Lugo e O Valadouro.

O círculo lítico da **Roda**, en Barreiros, é unha enigmática estrutura megalítica da Idade do Bronce, encadrada na tipoloxía dos henge británicos, que se remonta no tempo uns 4500 anos. Seguindo os estudos sobre o círculo de Stonehenge, situado en Amesbury, en Inglaterra, podería ter un carácter relacionado coa relixión, coa celebración de actos de carácter social, coa observación astronómica dos ciclos da

natureza ou con rituais de carácter funerario. En calquera caso, as hipóteses que tratan de explicar o significado destas estruturas só conseguiron alimentar o halo de misterio que as rodea. O círculo da Roda ten un diámetro duns 50 metros e está circundado por un foxo exterior de entre tres e catro metros de diámetro e un de profundidade. O círculo está flanqueado á súa vez por dous muros separados por un foxo que dá lugar á formación dunha estrutura en parapeto que acadaría os 2 metros de altura. Na posible zona de entrada consérvase unha pedra vertical, delimitando o acceso.

A existencia de círculos líticos é moi excepcional no continente Europeo, á marxe dos achados nas Illas Británicas. Na provincia de Lugo foi documentada a existencia doutra estrutura megalítica circular na parroquia de **Coeses**, en Lugo. Tamén na Mariña pero nesta ocasión no Valadouro, atopamos o misterioso **Prado das Chantas**, do que se conservan unhas 250 pedras, e os círculos **das Pedragosas**, próximos ao anterior, aínda que ata o de agora



non se puido arrojar luz sobre a súa cronoloxía e os seus usos orixinais.

GRAVADOS RUPESTRES

Os petróglifos son gravados realizados ao aire libre sobre grandes rochas ou laxes empregando diferentes técnicas segundo a súa datación. Adoitan presentar elementos zoomorfos, cazoletas escavadas na rocha, espirais, círculos concéntricos, figuras humanas, armamento, cruces ou labirintos. En liñas xerais, datan do período comprendido entre o século XX ao VIII a. C., aínda que tamén os hai de época medieval ou moderna. Na provincia podemos atopar dúas de exemplos, destacando pola extensión da súa superficie os de Antas de Ulla, situados en **San Fiz**, no alto do **Monte Farelo**, onde atopamos unha das maiores concentracións de arte rupestre da provincia. Tamén en municipios do sur, como é o caso de Sober, existen destacados exemplos como os de **Proendos** e **Bolmente** e, na Terra Chá, destaca o círculo de **Donalbai**.

A Lareira
Taberna Galega
Restaurante

Rúa do Sol, 4
27800 Vilalba, Lugo
Tel.: 982 512 842

TAHONA CURRÁS

SAN ROQUE 3. TEL. 982510062
NOVO CAZÓN 12. TEL. 620417383

DEPORTES

O Vilalbés arranca a primeira tempada na Segunda RFEF

O primeiro equipo do Rácing Vilalbés comezou a pretempada de novo ás ordes de Simón Lamas.

O primeiro foi un adestramento especial, xa que era o primeiro como club de Segunda RFEF por primeira vez na súa historia.

Estiveron presentes realizando a primeira sesión preparatoria os 20 xogadores que formaban o equipo, así como o xogador do filial Samu e os xuvenís.

Foi a primeira toma de contacto para abrir a quenda de amigables, nos que xa hai tres vitorias, unha delas por penaltis.

CALENDARIO OFICIAL. Xa se coñece o calendario oficial da competición, que arrincará o 2-3 de setembro e prolongarase ata o 4-5 de maio. As eliminatorias seguirán a seguinte orde: 11-12 e 18-19 de maio (semifinais) e 25-26 de maio e 1-2 de xuño (finais).

O partido de debut do Vilalbés será fóra, ante o Oviedo Vetusta, mentres que a estrea como local será ante o Real Avilés Industrial.

O primeiro derbi chegará na xornada 7 visitando San Lázaro para medirse ao Compostela, e a continuación virán dous derbis máis seguidos, ante Ourense CF e Fabril, mentres que os dous últimos derbis coincidirán coas dúas últimas xornadas, recibindo ó Coruxo CF na 33ª e visitando Pasarón para rematar a competición na casa do Pontevedra CF.

O obxectivo do club para este primeiro ano, segundo indicou o presidente, Juan José Vázquez Carreira, é quedar entre os doce primeiros.

OS XOGADORES. O Vilalbés inicia a competición con moitos dos xogadores da pasada tempada nas súas filas. O primeiro que repite é o adestrador que levou ao equipo



á categoría máis elevada de todos estes anos, Simón Lamas. Este contará de novo con Juan Rodríguez no corpo técnico, ao que se unen Rodrigo Rivera como preparador físico e Javier Valencia como adestrador de porteiros.

Seguirán vestindo de verdivermello Make, Vérez, Álex Santomé, Javi, Varela, Buyo, Rares, Álex Pérez, Javi Rey, Santi Gegunde, José

Varela e Pablo Rey, mentres que deixaron o equipo Marcos Souto, Joel, Damián Noya, Cuadrado, Marcos Álvarez e Dani Fernández. Foron oito as fichaxes que fixeron este ano. Na defensa estarán agora Quico (procedente do Somozas), Nathaniel Nicholas (do Pol) e Luis Castro (do Polvorín); do Bergantiños incorpórase o centrocampista Diego Uzal, xunto

aos dianteiros Christian Martínez (Polvorín), Isaac González (Silva) e Miguel Ángel Duque (Palencia Cristo Atlético). Tamén destaca a incorporación de Arturo Ramírez, do Málaga CF, que fará a vez de porteiro. Yago Miguélez, Yago Vázquez, Borja e Gegun soben dos xuvenís, mentres que se unen tamén, desde o filial o porteiro Edgar e o dianteiro Samu López.

“A permanencia sería todo un éxito xa que a categoría é moi esixente”

Simón Lamas volverá estar este ano á fronte do equipo vilalbés

Como están a afrontar esta pretempada?

A pretempada con moita ilusión e coa incerteza propia do cambio de categoría que nos vai facer ter que adaptarnos a un nivel de esixencia moito mais alto, a equipos aos que non estamos acostumados a enfrontarnos, a viaxar a outras comunidades e a un fútbol diferente. Pero tamén con moita ilusión, tratando de reunir toda a información posible pero sobre todo con moita ilusión. A posibilidade de poder competir nesta categoría por primeira vez penso que nos fai a todos sentirnos importantes e afrontar o reto con total ilusión.

Cales son os obxectivos para a próxima tempada?

A nivel deportivo marcamos o obxectivo da permanencia, para nós sería todo un éxito xa que a categoría é moi esixente, baixan cinco equipos e hai un sexto que xoga unha eliminatoria para descender. Entón de 18 equipos seis están en perigo e o noso obxectivo é salvar esas seis posicións, vai ser moi difícil, vai ser esixente pero creo se están a facer moi ben as cousas no tramo de pretempada e planificación como para pensar que podemos ter moitas opcións. Ese é o obxectivo a nivel deportivo pero para nós a nivel interno o obxectivo é ir semana a semana, facer un

equipo moi competitivo, que os novos xogadores se adapten xa ao que buscamos, que os que levan xa tempo se adapten tamén o máis rápido posible á nova categoría e ao ritmo que esixe esta categoría. Despois tamén planificamos o obxectivo como equipo e como grupo de chamar a atención de todo o pobo e de darlle continuidade ao que vivimos na fase de ascenso, que foi espectacular, como se enganhou a xente, sobre todo moitos nenos e oxalá podamos ver unha Madalena abarrotada que nos axude a conseguir o difícil reto que temos por diante.

Como viviron o ascenso?

Foi un momento moi diferente a todos os que eu persoalmente vivín como adestrador, primeiro porque non esperabamos poder chegar ata o final pelexando e despois por como sucedeu con varias remontadas. Había equipos que estaban mellor colocados ca nós por factor clasificación, tanto ao Rápido de Bouzas como ao Arousa valíalles o empate e fomos capaces de remontar os partidos e de conseguir gañar no seu campo coa dificultade que iso ten porque, probablemente, eran os dous equipos máis en forma da categoría. Xa a nivel nacional na Rioxa, creo que sobre todo o clima de unión que se viviu entre afección e equipo fixo que fose un dos momentos máis

especiais que imos vivir como deportistas todos os que formábase parte do equipo.

Reforzaron o equipo con novas fichaxes.

Si, a nosa idea dende o principio cando o club me pide renovar era seguir mellorando, tratar de mellorar dentro das nosas circunstancias. Sabemos que imos a ser un dos equipos máis humildes da categoría pero dentro da nosa situación buscar e analizar os puntos débiles que puido ter o equipo estas temporadas e tratar de saber tamén a que contexto nos imos enfrontar para a partir de aí detectar que necesitamos.

Penso que o club o fixo moi ben e que acertamos plenamente, primeiro porque renovamos a todo o que podíamos renovar ou quixemos renovar, era moi importante darlle continuidade ao equipo e non empezar de cero. E segundo porque a partir de aí entendemos onde deberíamos reforzarnos e penso que o fixemos ben con xogadores contrastados. Evidentemente o Rácing ao ser un equipo recentemente ascendido vai aspirar a xogadores que acaban de descender ou xogadores de equipos que estiveron na parte baixa pero movíamonos moi ben para incorporar xogadores que a nivel deportivo van dar un salto de calidade e a nivel persoal e humano van complemen-



tar moi ben o equipo e así poder facer un grupo sensacional.

Cales son os puntos fortes deste novo equipo?

Un dos puntos fortes é que hai un grupo que levan moito tempo xogando xuntos, oito ou nove xogadores levan moitas tempadas. Despois hai algo moi importante que é que imos a poder ter seis xogadores no primeiro equipo que son de Vilalba, eu penso que nesta categoría é algo impensable, e probablemente ningún outro equipo, salvo algún filial, os vaia ter e iso dalle moitísimo valor ao que fai o club, o club dun pobo probablemente dos máis pequenos de Segunda Federación e iso para nos é un orgullo. Despois a humildade que eu penso que nos fai competir moi ben sempre diante de equipos importantes, viuse no propio ascenso, que fomos capaces de reverter resultados adversos diante de equipos de moito nivel. Penso que por todo isto imos a ser un equipo competitivo que vai dar moito que falar a pesar de que podamos

ir co grupo que ten máis dificultades na liga.

Que cambios teñen que realizar para adaptarse á normativa desta categoría?

Nesta categoría é obrigatorio ter catorce xogadores profesionais, iso implica que estean dados de alta na seguridade social e que se dediquen a isto. Nós tiñamos moitos xogadores que traballaban co cal aí temos o primeiro contratempo, algúns adaptaron os seus traballos e horarios para poder competir nesta categoría o cal di moito da ambición que están a demostrar e loxicamente todos os que incorporamos e algún dos que estaban van ter esa caracterización profesional e se van dedicar só a isto. Antes adestrabamos en horario de noite para que os xogadores puideran compatibilizar coa súa xornada laboral e este ano imos adestrar a primeira hora da tarde, algo que nos vai permitir controlar mellor o descanso dos xogadores, traballar en mellores condicións e dar un salto de calidade tamén grande. E tamén sobre todo a nivel económico ao club vaille repercutir moitísimo este cambio de categoría, temos que realizar modificacións no campo xa que é necesario ter luz artificial da que non dispoñemos así como unha sala prensa coa que non contamos na actualidade. A idea do club era darlle continuidade ao proxecto, o temor máis grande que tiñamos era que moitos xogadores que xa formaban parte do equipo non se puideran adaptar ás novas esixencias e ter que cambiar demasiado, por sorte podemos darlle continuidade e un gran grupo que estaba o ano pasado en terceira continúa.

Muras registrou un novo éxito na sexta edición do Trail das Bestas

O Trail das Bestas volveu reunir en Muras a 250 deportistas na sexta edición dunha cita que xa vén sendo imprescindible no calendario anual, que se disputa na Serra do O Trail das Bestas volveu reunir en Muras a 250 deportistas na sexta edición dunha cita que xa vén sendo imprescindible no calendario anual, que se disputa na Serra do Xistral, este ano con novo itinerario.

A proba contou con tres modalidades en carreira e unha andaina animados polo bo tempo e un gran número de público.

Na proba de maratón, a máis esixente, que consta de 43 quilómetros, o gañador foi Pablo Vecino Rey, do Tribu Trail, que pechou o crono en 4 horas, 30 minutos e 24 segundos. Completaron o podio José Santiago Villar, dous minutos e medio máis de tempo, e Zenxo Laso Vázquez.

Na feminina a gañadora foi Fátima López Soto, do Toxiza e Lidia García Gil, de Asaltamontes foi a segunda. No podio de veteranos o trinfo foi para Daniel Mayans Gondar, seguido de Rubén Ortega Berzal e José Antonio Cabo Areoso.

Na de 27 quilómetros na masculina o gañador foi Dani Pazó, seguido de Miguel Vilaboy e Juan Rey. Na feminina o podio estivo composto por Verónica Bugliot, Tereza Ctvrtnickova



e Sandra Chao.

En veteranos o triunfo foi para José Rafael Méndez, xunto a Jesús ARca Canto e Xosé Manuel Meizoso. Na feminina gañou Tina Formoso.

A carreira máis curta, de 15 quilómetros, rematou coa vitoria na masculina de Martín Barreiro, seguido de Roberto Tuñas e Fabián Casabella. Na feminina os trofeos foron para Tamara López, Paola Estrada e Fina Blanco. Esta última tamén gañou en veterano feminino, antes de Vanesa Sánchez e María Jesús Romero.

En veterano masculino foron os tres postos para David Guerriero, Francisco Ladra e José Francisco Saíz.

Destacou na carreira a presenza de Inés López, que correu asistida por un equipo de dez persoas. Xistral,

este ano con novo itinerario.

A proba contou con tres modalidades en carreira e unha andaina animados polo bo tempo e un gran número de público.

Na proba de maratón, a máis esixente, que consta de 43 quilómetros, o gañador foi Pablo Vecino Rey, do Tribu Trail, que pechou o crono en 4 horas, 30 minutos e 24 segundos. Completaron o podio José Santiago Villar, dous minutos e medio máis de tempo, e Zenxo Laso Vázquez.

Na feminina a gañadora foi Fátima López Soto, do Toxiza e Lidia García Gil, de Asaltamontes foi a segunda.

No podio de veteranos o trinfo foi para Daniel Mayans Gondar, seguido de Rubén Ortega Berzal e José Antonio Cabo Areoso.

O SD Pol está a formar unha escola deportiva de fútbol

O SD Pol ten como obxectivo este ano poñer en marcha unha escola deportiva tras o primeiro paso dado coa creación do equipo xuvenil.

Así, estes días iniciáronse os adestramentos para os fútbol base nas instalacións municipais do campo artificial. Estas teñen lugar os mércores entre as 17.00 e as 18.00 horas.

O obxectivo é conformar equipos para as categorías de base, que corresponden a nenos nados entre os anos 2017 e o 2012.

A capatación de xogadores está aberta para nenos e nenas destas idades de toda a comarca de Lugo e a Terra Chá.

As persoas interesadas poden inscribirse nos teléfonos 658 481 583 e no 653 535 936, onde tamén se lles informará das condicións e proxecto que teñen en marcha no club.

O Pol dispón agora de novas instalacións coa recente inauguración no centro da localidade dun novo estadio de fútbol de céspede artificial.

Convocada a VII Ruta MTB Cova da Serpe

O Club Btteiros Cova da Serpe organiza a VII Ruta MTB Cova da Serpe Guitiriz o domingo 27 de agosto, con saída ás 9.00 horas dende a praza do Campo da Feira de Guitiriz.

As inscricións, que deben facerse a través da web, xa está aberta e poderá facerse ata o día 24 de agosto ou cando se acade o total de inscritos que é de 300 inscritos.

Este ano haberá unha categoría competitiva puntuable para a Copa Galicia, e por suposto contarán coa modalidade cicloturista na que a



ruta conservará a esencia de edicións pasadas.

A distancia da Copa de Galicia será de 84 quilómetros cun desnivel de 1.900 metros, e dentro da cicloturista serán tres as distancias, a mesma que na Copa e ademais, 58 quilómetros con +1.300 metros, e 46 quilómetros e 800 metros.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COspeito

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa 982 37 10 05

GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TELÉFONOS DE INTERESE

TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

COLABORACIÓNS

Nenos e abuso da tecnoloxía. Dano silencioso

O PUPITRE



Julio Díaz

A tecnoloxía inunda cada vez máis a nosa vida diaria en todos os ámbitos que nos poidamos imaxinar.

Os nenos de antano nacían cun pan baixo o brazo, os nenos de hoxe nacen practicamente cun aparato tecnolóxico nas súas mans. Dende moi novos, familiarízanse cos móbiles, coas tabletas, TV e forman parte do seu hábitat natural.

Somos moitas veces os mesmos adultos os que promovemos o uso destas tecnoloxías para tranquilizalos e mantelos ocupados para que

non molesten. Craso erro facer un uso destas como pacificador emocional dos nosos menos, cando o que debería ser era ensinarlles a controlar as súas emocións, ensinarlles técnicas para calmarse e analizar con eles as posibles resolucións aos conflitos que xorden no día a día.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) establece que os bebés de 0 ata 2 anos non deben ter ningún contacto con dispositivos electrónicos. Os rapaces de 3 a 5 anos deben limitar o seu uso a 1 hora diaria como máximo, mentres que os de 6 a 18 anos a 2 horas por día.

Aprender a falar máis tarde, moita peor psicomotricidade e un importante aumento na frustración son consecuencias do manexo de pantallas en menores de 3 anos cando o

seu cerebro está en pleno desenvolvemento e se ve exposto a multitude de estímulos para os que non están preparados a procesar.

Un estudio realizado con nenos de entre seis meses e dous anos confirmaba que estes están demasiadas horas ao día en contacto con smartphones, tablets, TV, teñen niveis máis baixos en mielina. A mielina é unha substancia que recubre os axóns das neuronas, o que permite que a conectividade neuronal e a súa velocidade sexan as adecuadas. É dicir, se hai diminucións da mielina, o procesamento cerebral é máis lento.

A mellor maneira de estimular un pequeno para o desenvolvemento da linguaxe é a interacción con outros nenos e con adultos.



Ademais de afectar a unha correcta adquisición da linguaxe, o uso das pantallas pode tamén afectar ao corpo emocional. Distintos estudos suxiren que a exposición excesiva contribúe a un aumento de ansiedade, depresión e problemas de sono no nosos menos/as. Tamén ao illamento social e son tamén máis propensos/as ao acoso e ao bullying a través dos medios dixitais.

En termos de saúde física obsérvase unha asociación entre a exposición prolongada ás pantallas cun maior risco de obesidade infantil. Os nenos "dixitalizados" pasan largas horas fronte a dispositivos electrónicos levando unha vida sedentaria, que limita a súa participación en actividades físicas e aumenta a posibilidade de desenvolver problemas de peso e saúde.

Destacar, para rematar, que dentro das distintas competencias clave que establece a LOMLOE, a "Competencia Dixital" pon en valor que se debe aplicar o uso seguro, saudable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.

A Igrexa Patólica

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

Coñecín a Leo Bassi hai once anos. Viña a Compostela en plena precampaña das eleccións autonómicas de outubro de 2012 e facíao a bordo do 'Bassibus', un vehículo co que organizaba unha visita guiada á Cidade da Cultura, obra mastodóntica que cualificaba de "herdanza terrible e burato negro" para evidenciar a "horrible utilización do diñeiro público por parte dos gobernantes". Un argumento incontestable. Con esta orixinal representación, Leo Bassi levaba a todas as persoas interesadas a participar nunha excursión polas instalacións da Cidade da Cultura, construción faraónica símbolo "do caciquismo e da dilapidación", dicía polo altafalante. Convidados polo artista, Ramón Chao e mais eu embarcámonos naquela aventura para pasar un momento agradable. E abofé que así foi.

Para o bufón italo-británico nado en Nova Iorque, o complexo do Gaiás quedará para a posteridade como "un exemplo do que ocorreu politicamente neste período en España, no que se deu o diñeiro da cultura aos construtores". Durante preto de dúas horas,

todos os anotados na actividade do 'Bassibus' viaxamos cara á Cidade da Cultura, percorrendo outros espazos de Compostela. Unha vez no destino, Leo Bassi expoñía numerosos datos de gasto do complexo e da súa estrutura, desmontando as motivacións dos seus impulsores.

"É un insulto á catedral de Santiago facer unha Cidade da Cultura a catro quilómetros doutra que, dende séculos, é un monumento cultural en si mesmo", afirmaba Bassi, quen equiparaba ao complexo do monte Gaiás cun "mausoleo da hipocrisía". De súpeto, propuxo cambiarlle a denominación oficial pola de "Cidade dos Druídas" e trasladar alí "os ósos de Prisciliano que se atopan na suposta tumba do apóstolo". O convencemento co que expresou aquelas verbas chegounos ben fondo e, tras rematar o traxecto e regresar á zona vella, acompañamos a Leo ao hotel onde se aloxaba. Conversamos durante un par de horas, nas que aproveitamos para contarlle o noso proxecto de Amigos de Prisciliano. Antes de despedirnos, preguntámoslle se lle gustaría ser o noso delegado en Italia e aceptou encantado, coa puntualización de que máis ben sería "un embaixador no exilio", pois estaba a piques de inaugurar en Madrid a sede da Igrexa Patólica, emprazada no barrio de Lavapiés. Varios meses despois,

coincidindo co día dos Santos Inocentes, oficiou alí a súa primeira cerimonia. Volvemos vernos tres anos máis tarde, cando recalou de novo na nosa terra para "animar" a campaña electoral das municipais de 2015.

A Gran Misa Patólica representa un fito na carreira teatral de Leo Bassi porque non é unha obra de teatro senón a adaptación ao escenario dunha verdadeira "misa", a xeito de bufonada, da famosa Igrexa Patólica fundada polo ilustre pallaso. Dende a súa inauguración, este lugar de culto coñecido popularmente como "O Paticano de Lavapiés" e dedicado á adoración dun parrulo de goma amarelo "redentor", oficia regularmente vodas e bautizos coa súa propia liturxia. Unha trasnada orixinal e divertida que remata por converterse en algo que transcende a sátira, poñendo en evidencia as contradicións entre a narrativa oficial da nosa sociedade e os valores da xente. Nas súas Misas Patólicas dominicais, Bassi provoca gargalladas e aplausos, situando a linguaxe irónica a un nivel de conciencia diferente, coa poesía e a maxia do pallaso como vehículo onírico que transforma o espectáculo nun acto cargado de ritual.

Leo encabeza este ano o cartaz da Festaclown de Vilagarcía. Aproveitando a súa presenza en Galicia, impartirá o curso titulado



"Na procura da identidade cómica" os días 12 e 13 de agosto no Auditorio Municipal da capital arousá, coa finalidade de esperar aos espíritos máis rebeldes. Estamos ante un home comprometido que considera que o pallaso debe mirar directamente ao poder, mofarse del e denunciarlo mediante a risa. A comedia por riba de todo.

A provocación é unha ferramenta de compromiso para este cidadán internacional que debutou con sete anos en Australia, iniciando aos vinte e tres a súa carreira en solitario, creando os seus propios espectáculos e converténdose, co paso dos anos, nun dos 'clowns' máis coñecidos do mundo. Baseándose na sabedoría acumulada na súa longa traxectoria per-

soal e herdada da súa tradición familiar, Leo Bassi desenvolve neste curso un sistema que combina a teoría con xogos psicolóxicos orixinais, que animan aos participantes a descubrir o bufón que levan dentro. Un dos aspectos máis importantes destas sesións é que os asistentes son estimulados para adoptar un papel activo e de observador crítico. Isto alenta discusións francas en cada paso que se vai dando, obrigándoos a decatarse de como as súas accións son percibidas polos demais e que significan para eles mesmos. Conforme se vai progresando, o énfase pasa de ser unha ampla exploración da mente a ser un estudo máis centrado na comedia e nos problemas puramente teatrais.

O Tío Pedro de Patricio, trapeiro

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Os nosos trapeiros non eran os mendigos que describiu Dorde Cuvardic García nin as figuras de escenas urbanas descritas por Mariano José de Larra e Mesonero Romanos, senón que se trataba de negociantes emprendedores e xentes moi integradas e apreciadas na sociedade, pois incluso deixaban afillados por onde pasaban e os paisanos coidábanlles o burro mentres volvían uns días á casa para facer as labores de sementar ou recoller os produtos. Eran rapsodos moi apreciados que se movían polo mundo, dicía Xaquín de Roca.

Un dos trapeiros mais famosos dos Vilares e o que mais tempo lle dedicou ao oficio foi Pedro López Sánchez, O Tío Pedro de Patricio. Tivo incluso o seu oco na literatura e na música. Non digo que tivera a repercusión da biografía de Kirk Douglas, "O fillo do trapeiro", pero inspirou a poetas da categoría de Marica Campo, que de nena soñaba co caixón do Tío Pedro, e no ano 1976 dedicoulle

o precioso poema "Romance de Pedro Trapeiro", ao que logo engadiu unha marabillosa música Fuxan os Ventos: Na historia que non se escribe/camiña Pedro Trapeiro/ con un burro, un caixón/ e un fardel de trapos vellos... Pero tamén Xosé Luís Foxo, director da Real Banda de Gaitas de Ourense, foi testemuña do seu paso pola súa aldea natal de Romeor, en Folgoso do Caurel, e quixo inmortalizalo coa preciosa "Muiñeira de Pedro Trapeiro".

O Tío Pedro era primo de meu avó materno, Gregorio Díaz Sánchez, e naceu en Vilasuso alá polo ano 1889. Era irmán de Andrés da Ponte, coñecido como o "Xastre da Ponte", outro personaxe famoso dos Vilares; avó do meu amigo e compañeiro de tantas loitas culturais e políticas cando el vivía en Euskadi, o poeta e tradutor José André López González, (André da Ponte) autor dos poemarios: "Onde o vento leva un soño de carpazas", editado en 1990 na colección de "Nimbos de poesía" pola Asociación Cultural Rosalía Castro, que fundáramos en Barakaldo, e "Rimas de Frei Bento do Santo Nome de Santo Alberte" editado por Xermolos e a Irmandade Manuel María, no ano 1916.



Co seu burro e o seu caixón recorreu aquelas terras bravas, que dicía Anxel Fole, subindo e baixando montañas xa en tempos da guerra incivil; procurándolles xabón e navallas aos escapados e trocando nas aldeas farrapos por aros, fíos, agullas e espellos; furando orellas e, pola noite, rezando rosarios sen deixar santo do ceo, nas casas que lle daban pousada. Marica afirma no poema: "...din que puña remedio/ a case tódalas cousas/ con salmos e padrenuestros".

Por esas terras, a comarca das

Nogais e do Caurel, tamén andaron outras famosas trapeiras como María Antonia de Rato, da Tiñaz, Amador de Malde e Manuel Losada, O Vello Castros da Chousa Grande.

Di a vilarega Pastora Veres, que os trapeiros tiveron unha transcendencia social, pois ademais de desempeñar ese oficio, o Tío Pedro curaba as anxinas e levataba a "paletilla"; levaba noticias de vodas, enterros e nacementos, unha especie de rede social naqueles tempos e naquelas aldeas illadas, ás que so eles levaban as noticias dos outros pobos do arredor.

Case sempre andaba aos trapos, pero cando no verán ou no outono, viña a Vilasuso para facer as labores de labrador, ademais de diñeiro co que mercar as cousas mais necesarias no fogar: o azucre, o aceite, as prendas de vestir e outras cousas que non se podían producir na casa; traía tamén garridas para os nenos e nenas da aldea e cando ía coas vacas para a finca do Queito, onde había un espiño moi grande (que polo Val do Mao, A Pobra do Brollón, O Incio e O Caurel chamaban escambrón) facialles a "Festa do Escambrón", dicíndolles que o ollasen ben, por si tiña

caramelos nas ramas e mentres ollaban o escambrón, el desde atrás, tiráballes puñados de caramelos por encima do espiño, que os nenos e nenas collían con moito afán.

Era moi relixioso e pola festa do San Vicenzo, patrón da parroquia, e pola Pascua, sempre ía diante da procesión coa bandeira da parroquia hoxe desaparecida, porque a igrexa é incapaz de conservar o noso patrimonio.

Acórdome de velo nas procesións coa bandeira e, cando morreu, a mediados de maio de 1962, con setenta e tres anos, fómolle rezar miña nai e mais eu e outros veciños. Daquela contaba eu con once anos de idade e lémbrome ir de noite tripando lama coas zocas por aquelas corredeiras, para darlle o último adeus.

Ensinoulle o oficio ao seu neto e afillado, Pedro López López, que andou catro anos despois da súa morte por esas zonas, entre o ríos Lor e Lúzara, O Incio e As Nogais, pero en 1966 emigrou a Barcelona para traballar de carteiro, logo montou un negocio de xoiería e despois un restaurante, pois coma seu irmán Luís, levaba na sangre os xenes de emprendedor. Pero con el acabou o oficio de trapeiro.

O éxito do humilde

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

A primeira fin de semana de xullo tivo lugar o vixésimo oitavo Festival do Río Castro, en Narahío, unha das sete parroquias que forman o concello de San Sadurniño, a carón das Pontes en dirección a Ferrol, termo municipal de apenas cen quilómetros cadrados que atravesaron ducias de homes chairegos hai varias décadas para traballar nos esteleiros, buscando un mellor porvir para eles e as súas familias.

Podería deducirse que estamos a falar dun evento moi semellante a outros moitos que teñen lugar pola xeografía galega na época estival, mais cómpre darlle o valor que merece. En primeiro termo, que un lugar con medio milleiro de veciños leve organizando un festival de música durante case trinta anos, resulta de un mérito a destacar. É todo un éxi-

to, sen lugar a dúbidas, o resultado acadado ano tras ano. En segundo lugar, a innovación que supuxo a presentación que levou a cabo a asociación veciñal, dándolle relevancia aos dous bares que continúan abertos na parroquia, con cadansúa actuación musical. Respecto ás actividades programadas, durante toda unha xornada teñen lugar desde a inicial sesión vermú ata xogos para nenos e competicións de deportes rurais, finalizando coa verbena onde o protagonismo teno a música tradicional galega coa presenza de varios grupos. E por suposto, non se pode esquecer que é unha romaría campestre onde por parte dos participantes dan conta de deliciosas merendas ao longo da tarde.

O festival celébrase nun entorno de evidente beleza paisaxística, a carón do río Castro, de aí o nome, que no seu descender pola zona pódense observar pozas e rápidos, ademais dunha espectacular ferverza, a cal co salto de auga duns seis metros de altura chama a atención do vi-

sitante. E ninguén debería marchar de Narahío sen achegarse ao seu Castelo, unha construción da que se descoñece exactamente cando foi realizada, que atesoura unhas reminiscencias históricas moi importantes, xa que foi obxecto das revoltas Irmandiñas no século XV, polas cales foi destruído, aínda que posteriormente fora erguido de novo. Finalmente, desde 1603, segundo consta, sería abandonado de maneira definitiva, utilizando as súas pedras para construír tanto as casas de arredor como a propia presa e a mini central hidroeléctrica que se atopa no río. Na actualidade, este monumento que foi declarado como Ben de Interese Cultural, mantén a Torre da Homenaxe, á cal se pode ascender, desfrutando dunhas fantásticas vistas.

Pois nesta espectacular contorna, desde os anos oitenta, a veciñanza de Narahío organiza este festival ao que non só acoden xentes de San Sadurniño e da bisbarra, senón doutras partes de Galicia. É un exemplo

O RECUNCHO DE CANELINA



no que o entusiasmo dos lugareños, a súa implicación e compromiso, así como o amor polo propio, con humildade pero con ambición, xere esta realidade que cumpriu vinte e oito anos. De aí que merezan aplauso e recoñecemento á labor desen-

volvada durante todo este tempo. Grazas persoas como elas, esa Galicia que perde poboación e que se avellenta permanece viva e chea de dignidade. Xa falta menos para XXIX e alí estaremos.

DE RUTA EN RUTA

Castro de Rei: Ruta polo Castro de Viladonga

Este percorrido pola contorna ten menos de dous quilómetros e é de dificultade baixa, perfecto para realizar en familia

O Castro de Viladonga é un conxunto arqueolóxico e museístico situado no concello de Castro de Rei no que os traballos que deron comezo en 1972 confirmaron un asentamento continuado cunha maior ocupación en entre os séculos II e V. O castro está situado no cumio dun monte dende onde se poden apreciar as serras de Monciro, Pradairo e a de Meira así como unha visión panorámica da Terra Chá.

Para coñecer de xeito máis profundo este conxunto arqueolóxico poderemos realizar unha pequena ruta a través do castro na que descubriremos por completo esta construción de orixe castrexa.

Para dar comezo podemos deixar o coche no aparcamento das instalacións do Castro de Viladonga e dirixirnos ao camiño de acceso ao centro do castro situado no seu lado este. O primeiro que podemos observar é a construción de catro murallas e tres fosos, as murallas foron feitas con pedra e terra e os fosos contan cunha gran profundidade. Un sistema estruturado de forma defensiva na zona este que ten unha menor pendente natural do terreo.



Se continuamos camiñando chegaremos ao punto que dá acceso ao interior da croa a través dun corredor monumental flanqueado por altos paramentos de pedra. Unha vez dentro, xirando á dereita poderemos subir a unha parte da muralla e percorrer un camiño que nos permite ter unha visión global da construción. Dende o alto da muralla podemos apreciar os diferentes tipos de construción que hai dentro do castro como os de planta cadrada ou redonda, de diferentes tamaños ou con acceso a través de escaleira ou a nivel de chan.

Desde o alto da muralla tamén poderemos observar a organización do castro e descubrir os diferentes camiños que xa contaban cunha ordenación espacial que non é casual senón que responde ás necesidades concretas dos habitantes do castro. Estes camiños articulan e ordenan as diferentes construcións creando zonas de vivenda, áreas de uso artesanal ou espazos para almacenaxe.

Baixaremos da muralla no lugar

onde se atoparía a porta oeste que na actualidade está sen escavar. Antes de avanzar ata o interior da croa poderemos visitar o antecastro oeste, un amplo espazo aplanado de forma artificial que serviu como como expansión do castro e puido contar con usos moi diversos.

Desde o antecastro subiremos cara o centro da croa e a man esquerda chegamos a unha construción complexa, unha casa patio onde todas as estruturas teñen muros rectos e que estaban organizadas en torno a un patio pavimentando con lousa. A singularidade deste conxunto vén dado tamén pola gran importancia dos achados que se realizaron da época galaica romana tardía onde apareceu unha gran cantidade de cerámica romana importada, vidros e obxectos de luxo.

Continuando polo interior do castro poderemos descubrir diferentes zonas de construcións como a área nororiental, onde conviven estruturas independentes de planta circular con outras de planta cuadrangular. Nesta zona hai unha construción alargada e



de gran tamaño con case 18 metros de longo e 4 metros de ancho e se ben non está claro o seu uso si parece seguro que se trataba dun espazo de uso social ou comunitario.

Por último visitaremos a área suroccidental onde poderemos observar un conxunto composto por diferentes estancias pegadas que contan cun corredor interno que separa as diferentes partes desta construción.

Unha vez remata a visita polo castro

poderemos volver ao punto de inicio e acceder ao museo onde atoparemos información sobre a historia dos traballos arqueolóxicos, o espazo natural no que se atopa o castro e información sobre a vida e os materiais propios dos antigos habitantes do Castro de Viladonga. Dende este punto de inicio sae tamén unha ruta de dificultade baixa que chega ata o núcleo de poboación de Castro de Rei.

DATOS



1/2 hora



2 quilómetros



Dificultade media



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Cursos y Certificados



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05